TERRA DE OUTES

52

Outubro - Decembro 2020 1€



neste nº

A xurisdición de Muros (XVI)
Isaac Díaz Pardo e o Premio Leixaprén
Hórreos de Cando (III)
Consecuencias da COVID-19
Árbores e bosque na normalización lingüística galega
A memoria histórica española
... e a cultura popular na COVID-19

Entrevista a...
Manuel López Rodríguez

Editorial

Quen vive nas aulas burbulla?

Como alguén dixo, a mellor distancia social é a que garda a administración cos docentes. O profesorado salvou como puido o tramo final do curso anterior. Como sempre, a única saída que a administración lle soubo dar aos novos problemas foi o incremento da xa sobredimensionada burocracia. E o peor estaba por vir co novo curso: un protocolo elaborado polas consellerías de Sanidade e Educación (iso si, despois de pasaren as eleccións autonómicas, non fose ser...). Con moitas medidas imposíbeis de cumprir (como era de agardar) este documento delega boa parte da responsabilidade da xestión da crise sanitaria actual nos equipos directivos e no profesorado, sen formación previa. É un crime que recaia nas escolas a solución sanitaria.

De por parte, o protocolo (a pesar de ser modificado in extremis no inicio das clases) non resolve con claridade a actuación prevista ante casos positivos e corentenas. E motivou as tribulacións dos equipos directivos: insomnes e con olleiras, facendo números coa cinta métrica e movendo móbeis para que lles cadren as distancias de seguridade, por certo, tan cambiantes (desde o centro das cadeiras dos pupitres, isto é, de cabeza a cabeza: 1 m o 22 de xullo, 1,5 m o 31 agosto, 1 m o 10 de setembro...); e mesmo intercambiábeis por máscaras e anteparos. Así mesmo, a planificación era imposíbel ao descoñeceren, entre outras cousas, o cupo de profesorado co que podían contar. Porque afrontaremos este novo ano académico con outro gran problema: a negativa a reducir ratios de alumnado e a contratar o profesorado necesario (os case mil profesores anunciados, oitocentos e pico na letra pequena, son algo máis de douscentos na realidade, porque a maioría xa tiñan que ser contratados coa reposición habitual do cambio de curso). Como se van garantir así os desdobres necesarios dos grupos?

Non agardemos por moita transparencia informativa. Conformémonos con propaganda. Moi efectista, desde logo, como o estudo serolóxico que se lle realizou ao profesorado. Sen a fiabilidade dos tests PCR, serían o mínimo esixible (e mellor aproveitadas) que podería destinarse, por exemplo, ás aulas das escolas infantís; sabemos dunha destas supostas burbullas onde, tras confirmarse un caso positivo dunha alumna, os seus compañeiros de aula foron enviados para a casa, a gardar corentena, sen facerlles ningún tipo de proba (si lle fixeron a PCR á mestra e á coidadora) que confirmase ou descartase novos contaxios, se cadra agardando que a burbulla estoupase dentro das familias coa irrupción dos síntomas. E que pasa se hai unha morte? As aulas burbulla son unha entelequia. E quen viven nelas non son precisamente os meniños.

Dicionario xeográfico Xoán Mariño

A Abana. Cidade cubana de onde son os abanos, instrumentos para abanar.
Albania. Territorio de S. Cosme, limítrofe entre Rates e Albeida, percorrido polo río Albán.
Cabo. Rango inferior na escala do exército que penetra no mar.
Cícladas. Illas gregas de onde son orixinarios os ciclistas, afeccionados ás bicis.
Cordilleira. Sucesión de moreas e montañas de cordas.
Golfo. Langrán mariñeiro que penetra na terra.
Katmandú. Capital de Nepal de onde son nativos os katmándulas, xente que fai ostentación da súa preguiza e inutilidade. Dise tamén dos estudantes que pretenden aprobar as materias pola súa cara bonita ou, no seu defecto, por unha epidemia de coronavirus.
Mar. Extensión de auga xeralmente salgada. Cando é de reducidas dimensións é un mariño, membro da ilustre liñaxe que tén a súa orixe nos amores dun nobre galego e unha serea.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht
Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco
Edita: A.C.C. Terra de Outes
Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.
E-mail: terradeoutes@gmail.com
Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:

Deputación DA CORUÑA

Concello de Outes

Imaxe da portada: Mestres do colexio do Cruceiro de Roo, anos 60. De dereita á esquerda: Eladio Lores Outón, Pilar (Sra. de Zubiela), Avelino Alborés Gosende, Filomena Pena Castro (directora), Enrique Álvarez Gantes, Elvira Pedrosa Blanco. Arquivo: Eladio Lores Gómez

Exposición

O sábado 7 de agosto a nosa asociación inaugurou na Casa de Cultura de Outes unha mostra colectiva de acuarelas de artistas agrupados no que se coñece como “As Xubias”, que se reúnen regularmente para pintar ao aire libre paisaxes coruñesas. A exposición,presentada por Xoán Mariño, que deu unhas palabras de benvida aos asistentes, e por Margarita Santiago, en representación dos pintores, púidose visitar ata o 15 de setembro.

Presentación do libro de Manel Monteagudo

O venres, 11 de setembro, no salón de actos da Casa da Cultura de Outes, tivo lugar a presentación do libro *Camiño á lagoa dos bardos*, do escritor natural de Cando Manel Monteagudo. Abriu o acto a soprano Esperanza Mara, coa interpretación de “Negra Sombra”, á que seguiron unhas palabras de agradecemento do presidente da ACC Terra de Outes, Xoán X. Mariño, aos asistentes polo exercicio de valentía que realizaban ao estaren presentes nestes tempos de temor colectivo. Despois Ramón Blanco, profesor e escritor, analizou a obra poética do autor, para deseguido o tamén escritor noiés Xerardo Agrafoxo entablar un diálogo co protagonista do acto sobre a súa peripecia vital. Finalmente, a cantante noiesa pechou o acto coa interpretación de “Lela” acompañándose do seu violonchelo.

Presentación de *Irmandiñas*

O sábado, 26 de setembro, ás 12 da mañá na Casa da Cultura da Serra, en formato de vermú literario, tivo lugar a presentación do libro *Irmandiñas*. Mentres os asistentes degustaban un aperitivo, despois de presentar o acto Xoán Mariño, presidente da nosa asociación, a autora Aurora Marco proxectaba numerosas imaxes das mulleres que estiveron na creación das Irmandades da Fala primeiro e do partido Galeguista despois, ao tempo que participaron na construción do republicanismo e sufriron por iso unha terrible represión (destitución dos seus postos, cárcere, exilio…) tralo levantamento militar do 36.

A xurisdición de Muros (XVI)

Interrogatorio de Cando (I)

Xoán Fco. García Suárez

Respostas Xerais ao Interrogatorio das freguesías de Cando, Albite, Maroñas, Fontecada, Torea, San Fins, Alvorés, Chacín e Coiro, comprendidas na Xurisdición de Muros.

Na freguesía de San Tirso de Cando e Casa da Audiencia sinalada para a súa operación e demais freguesías que irán expresadas a catro días do mes de xuño ano de mil setecentos cincuenta e tres, o Sr. Cecilio Morphi Valle y Silva, Subdelegado, precedido recado político e citación conducente para a persoal asistencia de D. Domingo Blanco de Puga, cura desta dita freguesía; D. Ilario Luazes de Lema da de San Thomé de Alvite e Santa Mariña de Maroñas, o seu anexo; D. Diego de Fuentes Carrera da de San Martín de Fontecada; D. Pelaio Ventura de Moledo da de San Xián de Torea; D. Bernardo de Neira da de Alborés; D. Andrés Melchor Recarei da de San Fins de Eirón; D. Phelipe Coiradas cura vicario da de Santa Eulalia de Chacín e D. Domingo Arestiño da de Santa María de Coiro. D. Francisco Alexandro de Silva, Xuíz; Joseph Luazes, o seu escribán de número; Bartholomé de Ons, mordomo pedáneo desta mesma freguesía; Joseph Tome, Caietano de Casais, Gabriel de Novío, Antonio López, Pedro Rodríguez, Juan de Alvite, Miguel García e Jacobo Cacheiro, igualmente mordomos pedáneos das restantes freguesías. Joseph González, Bartolomé de Lestón, Marcos de Casais, Pablo de Quintans e Miguel de Xesto, labregos e veciños delas, Peritos nomeados pola Xustiza para os seus respectivos lugares. Alverto de Novío, Pedro García, Domingo Martínez, Ventura de Lago, Benito Muñiz, Pedro Parada, Domingo Rodríguez, Luis Ramos, Martín González, Manuel Lorenzo, Andrés Vázquez, Domingo da Figueira, Miguel Collazo, Andres Ordóñez, Joseph Da Silva e Mathias de Lage, veciños desta Xurisdición e as súas cercanías, persoas prácticas e intelixentes, electos por parte de Súa Maxestade, uns e outros como persoas da mellor opinión e coñecemento na extensión do termo, cantidades e calidades, froitos e cultivos de terras e máis que determina o Interrogatorio sinalado coa letra A cuxo impreso antecede e se lles confiou de antemán para a súa mellor intelixencia, paso por diante min, escribán, a darlle principio e ratificándose os seglares, no xuramento que eles, e non outros, prestaron en autos e reiterándoo de novo do que dou fe, dixeron a cada pregunta o seguinte:

1ª.- Á primeira, que as nove freguesías comunmente se chaman San Tirso de Cando, San Thomé de Alvite, Santa María de Maroñas, San Martín de Fontecada, San Xián de Torea, San Mamede de Alborés, San Fins de Eirón, Santa Eulalia de Chacín e Santa María de Coiro, comprendidas nesta Xurisdición de Muros, e responden.

2ª.- Á segunda, que ditas freguesías son do dominio xurisdicional do Arcebispo de Santiago, en cuxa Xurisdición pon Xuíz, que o é o actual D. Francisco Alejandro de Silva. Pon tamén sete escribáns de número dos que seis deles asisten na Vila de Muros e o outro na Xurisdición que vulgarmente chaman O Alfoz, quen ademais de coñecer como os outros de todas as causas civís e criminais, coñece in solidum do goberno político e económico da mesma Xurisdición. Percibe o Arcebispo por razón de vasalaxe nas freguesías de Cando, Alborés, Chacín, San Fins de Eirón vinte e dous marabedís de cada veciño cabeza de casa que lle ascenderán ao ano conforme a unha prudente e quinquenia regulación: na de Cando a cen reais, na de Alborés a setenta, na de Chacín a sesenta e seis, na de San Fins cincuenta, e na de Coiro a noventa. Na freguesía de Maroñas percibe o marqués de A Serra tamén por razón de vasalaxe de cada veciño cabeza de casa un real e dezaoito marabedís de vellón, que lle ascenderán ao ano a cen reais. Na freguesía de Fontecada percibe D. Juan Bermúdez, veciño da Vila de Puente Deume, mordomo pedáneo con título que lle fai na cal percibe vinte reais de vellón anualmente, tamén por razón de vasalaxe, que comparten os veciños prorrateadamente sen que se saiba o título ou privilexio que uns e outros para velo teñan, ao que se aparecesen remítense, e responden.


Respuestas generales al Inte 663
rrogatorio delas frãs de Cando, Albi
te, Maroñas fontecada: Torea, San
fins: Aluores: Chacin y coiro: com
prehendidas en la Juris.on de Muros.
En la feligresia de san Tirso de Cando. Juris
dicion de Muros y Casa de Audiencia señalada
para la operacion delas frãs que hiran expresa
das a quatro dias del mes de Junio año de mill se
tecientos cinquenta y tres el señor don Cecilio
Morphi Subdelegado (precedido recado politico
y citacion conducente para la personal asistencia
de don Domingo Blanco de Puga Cura de esta
dha fra: D. Ilario Luazes de Lema de la de san
thome de Alvite: y santa Mariña de Maro
ñas: su anexo don Diego de fuentes Carrera de
la de san Martin de fontecada: don Pelaio Ventu
ra de Moledo de la de san Julian de torea: don
Bernardo de Neira: de la de san Mamed

Foto 1: Primeira páxina do Interrogatorio de Cando (Ministerio de Cultura).

3ª.- Á terceira, que esta freguesía de Cando ocupa de Levante a Poñente tres cuartos de legua, de Norte a Mediodía media legua, e de circunferencia dúas leguas que para camiñalas necesítanse tres horas. Demarca polo Levante e Medio día co Río Tamar, Poñente Santa María de Intines e Norte San Pedro de Xallas. A de San Thome de Alvite ocupa de Levante a Poñente un cuarto de legua, outro tanto de Norte a Mediodía, e de circunferencia unha legua, que para camiñala necesítase hora e media. Demarca polo Levante e Mediodía con Santa Cruz de Campolongo, Poñente San Fins de Eirón e Norte San Martiño de Fontecada. A de Maroñas, de Levante a Poñente media legua, de Norte a Mediodía un cuarto de legua, e de circunferencia legua e media que se necesitan dúas horas para camiñala. Levante San Thomé de Alvite, Poñente San Xoán de Mazaricos, Norte San Mamedee de Alborés, Mediodía Santa Eulalia de Chacín. A de Fontecada de Levante a Poñente media legua. Outro tanto de Norte a Mediodía. E de circunferencia unha legua que para camiñala necesítase hora e media. Levante San Pedro de Bugallido, Poñente San Andrés da Pereira, Norte Río de Alón e Mediodía San Thomé de Alvite. A de Torea de Levante a Poñente media legua, de Norte a Mediodía outro tanto, e de circunferencia unha legua que necesita hora e media para camiñala. Levante Santa Mariña de Esteiro, Poñente San Miguel de Cestayo, Norte Santa María de Coiro e Mediodía San Estevan de Abelleira. A de Alborés, de Levante a Poñente media legua, outro tanto de Norte a Mediodía e de circunferencia unha legua que para camiñala necesítase hora e media. Levante e Mediodía Santa María de Maroñas, Poñente San Miguel de Corzón, Norte San Cosme de Antes. A de San Fins de Eirón de Levante a Poñente media legua, outro tanto de Norte a Mediodía e de circunferencia unha legua que necesita hora e media para camiñarse. Levante San Thomé de Alvite, Poñente e Norte Santa Eulalia de Chacín, Mediodía San Thorente de Intines. A de Chacín, de Levante a Poñente tres cuartos de legua, de Norte a Mediodía media legua, e de circunferencia dúas leguas e media que para camiñalas necesítanse catro horas polo crebado do terreo. Levante San Fins de Eirón, Poñente Santa María de Coiro, Norte Santa María de Maroñas, Mediodía San Lourenzo de Matasueiro. A freguesía de Santa María de Coiro ocupa de Levante a Poñente tres cuartos de legua, de Norte a Mediodía media legua, e de circunferencia dúas leguas que para camiñalas necesítanse tres horas. Levante San Miguel de Valadares, Poñente Santiago de Arcos, Norte San Salvdor de Colúns, Mediodía San Xián de Torea. A figura de cada freguesía é a da marxe, e responden.

4ª.- Á cuarta, que as especies de terra que se atopan no termo de cada unha das ditas nove freguesías son de regadío e secano desta maneira: nesta de Cando, hortaliza, sementeira e prados –todo de regadío e secano–, soutos, devesas, sobreiras, toxeiras e xunqueiras.

Nas de Fontecada, Coiro e Alborés, hortaliza de secano, sementeira e prados de regadío e secano, devesas, toxeiras e xestas.

Nas de Alvite e San Fins de Eirón hortaliza e sementeira de secano, prados de regadío e secano, devesas, toxeiras e xestas. E ademais disto, na de Alvite soutos.

Na de Maroñas hortaliza e sementeira de secano, prados de regadío e secano, toxeiras e xestas.

Na de Torea, hortaliza, sementeira e prados, todo de regadío e secano, devesas, toxeiras e xestas.

E na de Chacín hortaliza, sementeira e prados, todo de regadío e secano, soutos, devesas, toxeiras e xestas. E en todas elas montes comúns infrutíferos de natureza.

A sementeira de regadío de todas calidades desta freguesía de Cando produce de tres en tres anos cinco colleitas sen intermisión. A sementeira de secano da mesma freguesía e das oito restantes de ambas especies producen soamente unha colleita ao ano, por non haber sementeira de segunda man, e responden.

5ª.- Á quinta, que en cada unha das especies que deixan deposto hai de primeira, segunda e terceira calidade, coa excepción da xunqueira desta freguesía de Cando e montes comúns de todas, que nun e noutro é de única, e responden.

6ª.- Á sexta, que en ningunha de ditas freguesías se atopan as árbores que contén, a excepción dos soutos e devesas expresadas na cuarta. E tal cal, carballos e castiñeiros que se atopan espallados, e responden.

7ª.- Á sétima, que as devesas e soutos que deixan declarado atópanse en terras que só serven para este efecto. E polo que mira aos poucos que están espallados e levan deposto na que antecede, atópanse xeralmente en todas as terras, tanto de sementeira como as demais de todas calidades, e responden.

8ª.- Á oitava, que as expresadas devesas e soutos, aínda que só serven para estas especies de terra, atópanse espalladas por todas elas, sen arte nin curiosidade, e os dispersos espallados e non en fileiras e marxes, e responden.

9ª.- Á novena, que en todas as referidas nove freguesías emprégase a medida de terra co número de ferrado de centeo, que fai doce cuncas, o mesmo que o millo e millo miúdo. Ten vinte e unha varas castelás en cadro, que fan un cento en circunferencia. E no que ocupa esa medida seméntanse nove cuncas de trigo, unha de millo miúdo, tres de millo e un ferrado de liñaza. Que destas últimas dúas especies fai o ferrado de cada unha dezaseis cuncas, e responden.

10ª.- Á décima, que non poden disolver a punto fixo o número de medidas de terra que hai no termo de cada unha de ditas freguesías, só que teñen as especies e calidades que deixan deposto, cultívanse e frutifican a excepción dos camiños, airas e montes comúns, para cuxa verificación se remiten ás relacións dos individuos, e recoñecementos feitos que o Sr. Subdelegado fixo conformándose no número que nestas dilixencias resultase, e responden.

Foto 2: Igrexa de S. Tirso de Cando

Isaac Díaz Pardo e o Premio Leixaprén

Mingucho Campos

O LEIXAPRÉN foi un premio creado por varios IES da contorna da Ría de Muros-Noia de recoñecemento á defensa da lingua galega. A idea partiu cuxamente do IES POETA AÑÓN de Outes e a primeira persoa que o recibiu foi Manuel María Fernández Teixeiro, o poeta da Terra Chá. No seguinte ano outorgóuselle a Xosé Agrelo Hermo, quen o recibiu no IES Fontexería, de Muros. No curso 2001-2002 o agasallado foi ISAAC DÍAZ PARDO no IES Campo de San Alberto, de Noia. É precisamente neste egrexio personaxe da cultura galega no que me vou centrar e vouno facer lembrando primeiramente un artigo publicado nun dos xornais de máis tirada de Galicia no mes de febreiro do ano 2002.

Estabamos por aquelas datas en plena controversia por mor da publicación dun informe feito pola UNESCO sobre o perigo de desaparición que corría o noso idioma galego. Nel Isaac Díaz Pardo fixaba deste xeito o seu posicionamento:

"(…) Isto non é novo, hai corenta anos Xesús Alonso Montero xa fixo un informe dramático sobre a lingua galega que fixo poñer en garda contra el a tódolos xenios literarios que temos por acó, que inda hoxe están seguros de que o galego non desaparecerá xamais dada a riqueza literaria que temos". E proseguía Díaz Pardo: "(…) De linguas desaparecidas como medios de comunicación coloquial fican obras imperecedeiras escritas en grego clásico, latín e noutras moitas. Faime moita graza –continuaba– inda que unha graza dramática que os responsables das áreas lingüísticas do noso país, todos a unha digan que a lingua galega non pode desaparecer, porque temos unha literatura importante e os eruditos da lingua quéixanse de que a UNESCO non os tivera consultado a eles. Pero, home –preguntábase– como van consultar a uns cenáculos que valoran a vixencia da lingua en razón á súa producción literia e non da función social que cumpre a lingua?"

E sentenciaba deseguido: "(…) O problema das linguas non está nas institucións técnicas das falas, que non poden máis que recollelas, estudalas, purificalas. É da vontade do pobo, de quen o administra, da súa puxanza, de quen depende a súa implantación. (…) O problema fica actualmente no trafego económico e mesmo comercial, con vontade deconstuír con acento de nós, pois somos galegos porque temos unha fala propia".

Caricatura feita por Maside

Cando estamos a celebra-lo primeiro centenario do seu nacemento eu definiría a Díaz Pardo como unha enerxía creadora dotada dunha grande modestia e sinxeleza. Todo isto baixo unha aparencia corporal feble na que se agocha unha vontade pétrea e unha mente clarividente.

Díaz Pardo foi unha relevante figura dentro da cultura galega durante máis de medio século. Trátase dunha personalidade con amplitude de miras e dunha paixón polos proxectos de futuro para Galicia sen reparar no sacrificio persoal, unha persoa con amplitude de horizontes e unha vocación plural e interdisciplinar, tal e como o ten definido Xavier Seoane. Non resulta nada doado inda hoxe, no ano 2020, realizar unha delimitación clara e contudente entre o artista, o pintor, o debuxante, o empresario, o disertador, o ceramista, o compilador, o escritor, o intelectual, o empresario, o axente sociocultural, entre outras moitas facetas que se poden citar da súa fecunda traxectoria.

Fillo dun dos grandes ilustradores do modernismo galego, Camilo Díaz Baliño, asasinado polos fascistas nos inicios da Guerra Civil, nace na casa da "Tumbona", a do nº 37 da compostelá rúa das Hortas. É nesa casa onde se asentan os primeiros recordos da infancia e onde entra en contacto cos intelectuais, políticos e artistas do galeguismo e da "renovación" do vangardismo histórico anterior ao 1936. Isto explica, quizais, que tendo tan só 16 anos participe activamente na campaña do plebiscito de autonomía de Galicia, realizando algún dos carteis e colaborando noutros como é o de Cas-

Foto 1: Días Pardo entre Laxeiro e Luis Seoane en Buenis Aires en 1955

telao.
As vicisitudes da Guerra Civil obrígano a agocharse na casa do seu tío Indalecio para poder salva-la vida e, logo de saír do agochamento, a facer de todo para gañar a vida. Xa rematada a contenda, Isaac ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando, Madrid, rematando os estudos no ano 1942. Participou en experiencias de deseño industrial e realizou unha viaxe de estudos a Italia coa bolsa Conde de Cartaxena. Viaxe que vai marcar unha boa parte da súa produción pictórica. Durante algún tempo impartiu clases na Escola de Belas Artes de San Jordi de Barcelona. Realizou exposicións pictóricas en varias capitais, entre elas Madrid, Barcelona, Vigo, Bos Aires…

No ano 1948, despois de abandona-la dedicación ás artes plásticas, pon en marcha unha das grandes empresas culturais e industrias de Galicia: Cerámicas do Castro, preto de Sada, na que ensaiando materias primas utilizadas no antigo Sargadelos produciu unha porcelana de moi boa calidade. Esta experiencia resulta moi importante para o seu traballo artístico posterior; exporta o modelo de Sada a Arxentina, país no que colabora intensamente coa intelectualidade da emigración galega. Co apoio desta intelectualidade, e en especial co de Luís Seoane, funda o Laboratorio de Formas de Galicia, iniciativa proxectada para crear, á volta do exilio, unha serie de empresas recuperadoras da memoria histórica de Galicia. A restauración da antiga Sargadelos, a fundación do Museo de Arte Contemporáneo Carlos Maside, o Seminario de Estudos Cerámicos, Ediciós do Castro, o Seminario de Estudos Galegos, o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, o Laboratorio de Industria e Comunicación e o Instituto Galego de Información son, entre outras, empresas culturais promovidas por Díaz Pardo.
Tamén cultivou o ensaio, a crítica, o teatro, a poesía, e recuperou o sentido popular e vivo dos antigos carteis de cego. Ten así mesmo publicados multitude de traballos xornalísticos, principalmente de historia contemporánea e economía, tendo recibido por tan longa traxectoria múltiples distincións e recoñecementos.
Isaac Díaz Pardo xa non está hoxe entre nós, mais o seu legado cultural inda permanece vivo. O seu exemplo tamén. Seguindo o exemplo deste prócer do mundo cultural galego debemos ter claro que nós mesmos témo-la obriga de transmitirlles ás xeracións futuras a nosa lingua propia, do mesmo xeito que nós a recibimos dos que nos precederon. A tolerancia debe se-lo emblema dos loitadores pola dignificación da lingua sen esquecernos de manter viva a conciencia de identidade e, con ela, o orgullo e a autoestima que tódolos pobos necesitan para sebreviviren.

Foto 2: Entrega do Premio Leixaprém a Días Pardo no IES Campo de San ALberto de Noia en 2002

CONSTRUCIÓNS BLANCO
Traballos de Albanelería e Cantería
CONSTRUCIÓNS BLANCO
Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920
Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)
Páxina web: *construcionsblanco.com*
facebook.com/construcionsblanco/

Hórreos de Cando (e III)

Xoán X. Mariño

Na freguesía de Cando hai, como vimos en números anteriores da nosa revista[1], 120 hórreos, dos cales 32 son de pedra, tres de madeira e os demais, os que chamamos mixtos, isto é, os que teñen a súa cámara construída con partes de pedra (paredes penais, columnas dos costais e aleiros –se houbese-) e o resto con táboas de madeira, constitúen o grupo máis abundante na parroquia, con máis de 80 exemplos. Destes corresponde o maior número aos que teñen a súa cámara dividida en dous ou tres tramos, con 34 e 35 exemplares respectivamente, en tanto que os de catro e cinco tramos son moito menos numerosos, pois hai só catro do primeiro tipo e unicamente dous do segundo; curiosamente ningún deles nin en Cando de Arriba, nin Cando de Abaixo, mentres que en tódolos casos anteriores son sempre estes dous lugares os que contan coa maioría dos hórreos de cada categoría, incluídos os de pedra.

Hórreos de catro tramos

O seu número é, como dixemos, reducido: dous están en Cuns, un no Gallardo, e o último no Loureiro. As súas dimensións son moi parecidas, pois apenas hai unha diferenza de 50 cm entre o máis pequeno (8.6 m) e o máis longo (9.1 m), mentres que nos de tres tramos había case dous metros; na anchura a distancia é menor, vai dos 1.3 m do máis estreito, aos 1.7 m do máis ancho, é dicir 40 cm, cando nos de tres tramos a diferenza chegaba a superar o metro e medio; e na altura, aínda se reduce máis a desigualdade: o máis baixo mide 3.3 m e o máis alto só 20 cm máis, en tanto que no grupo anterior a disparidade chega aos 1.70 m.

Unha circunstancia a destacar de todos eles, ao contrario do resto dos hórreos mixtos, é o seu bo estado de conservación, pois ademais de que ningún deles viu substituídos os seus elementos construtivos orixinais por ladrillo ou cemento, tampouco se lles vía nin abandono nin deterioro cando se realizou a catalogación mencionada nas citadas revistas.

O primeiro deles, que se atopa diante da Casa de Pontes (ver foto 1), está situado ao pé da pista que cruza O Loureiro de norte a sur; é un caso único, polo menos en Outes,

Foto 1. Hórreo de Pontes. Loureiro.

de hórreo con cinco pés nun costado e sete no contrario, todos oitavados con moas redondas de cara superior curva, agás dúas capas rectangulares que no lado oriental, sobre os pés segundo e terceiro e quinto e sexto, serven de plataformas para acceder a senllas portas situadas enriba. A cámara ten os seus catro tramos separados por columnas de pedra, máis estreitas na base, que, ao mesmo tempo que serven de apoio para os aleiros do tellado (que aquí chaman topetes), suxeitan os listóns horizontais sobre os que se fixaron as doelas de madeira das paredes costais e actúan tamén de xambas para as portas antes citadas e nas que se interrompen as sobretrabes de pedra; os seus penais son de cantería e levan dúas fiadas de cinco regandixas horizontais de ventilación no penal meridional e catro no lado oposto; no pinche deste último figura unha inscrición que pon "AÑO 1908 / D.P.", iniciais de Domingo Ponte, que o mandou construír.

Os outros tres son parecidos, con pequenas diferenzas respecto ao anterior: teñen unha soa porta en lugar de dúas no costado oriental[2], motivo polo que non precisan máis que dun único pé auxiliar, e así en lugar de sete soportes neste lado posúen só seis; nos penais teñen unicamente tres regandixas de ventilación por fiada, en vez de catro ou cinco que ten o de Pontes, e o do Gallardo, ademais, carece de sobretrabes e aleiros.

Hórreos de cinco tramos

Son, como indicamos máis arriba, só dous, un está en Carballido e outro no Enxido. O primeiro, coñecido como hórreo de Chasín (foto 2), mide 10.43 m de longo, 4.3 de alto e 1.4 de ancho; levántase sobre seis pares de pés oitavados con tornarratos circulares, menos unha capa rectangular

Foto 2. Hórreo de Chasín. Carballido

no lado oriental que fai de plataforma para subir á cámara e precisa un pé de apoio máis. A cámara poderíase dicir que é de semicantería, pois ten as paredes costais de pedra ata un pouco máis de media altura, que a diferenza dos de cantería (que non están organizados en tramos), este si está articulado en cinco partes separadas por columnas tamén de pedra que sobresaen do plano, incluídas as xambas da porta occidental e que, ademais de suxeitar os listóns horizontais aos que se fixan as doelas de madeira do resto de ambas paredes costais, serven de apoio á cornixa pétrea sobre a que pousa o tellado e, como os típicos hórreos de cantería de Cando que vimos no primeiro capítulo[3] rodea toda a cámara formando, coas sobrepenas da cuberta, unha especie de frontón en cada penal. O penal septentrional, salvo a citada cornixa, é totalmente liso e o meridional posúe outra porta e no pinche unha inscrición que pon "AÑO 1937 / F.S.C.". Mágoa que o tellado fose substituído por unha cuberta de cemento que desmerece o seu aspecto.

O último está na horta do Pazo do Tambre (foto 3) e é, con moito, o máis longo de toda a parroquia e un dos máis grandes de todo Outes cos seus case 12 m e medio de

Foto 3. Hórreo do pazo do Tambre. O Enxido

extremo a extremo. Sostéñeno en alto seis cepas con tornarratos rectangulares unidos transversalmente baixo a cámara; esta ten as paredes penais de cantería, con cinco regandixas horizontais de ventilación no lado norte e catro no sur, mentres que as dos costais presentan unha curiosa anomalía: carecen de columnas que, máis que articular as paredes, deberían suxeiten os listóns horizontais sobre as que se fixan as doelas de madeira e que tamén son necesarias para soster o teito. Posto que no costado oriental a parede é de cemento, ao igual que as cornixas, é de supoñer que a taboazón do costado occidental sexa puramente decorativa e o hórreo un simple obxecto ornamental na horta, ao que contribúen as hedras penduradas de aramios chantados á superficie de madeira.

Os remates dos hórreos

Salvo os de madeira, que pola súa fráxil constitución non poden soster pesados remates de pedra no alto do seu tellado, todos os demais hórreos van provistos de ornamentos no cumio das sobrepenas que coroan as paredes penais.

Na actualidade son elementos basicamente decorativos pero, na súa horixe, nos graneiros prehistóricos, eran representacións fálicas que actuaban como elementos máxicos que propiciaban a fertilidade. Para os romanos, construtores dos *orrea* que son o antecedente dos nosos hórreos, as imaxes fálicas eran sobre todo símbolos de abundancia e prosperidade, non só humana, senón tamén dos campos e ademais servían de amuleto para protexerse do mal de ollo[4].

Representación ictifálicas perviven de xeito máis ou menos estilizado en hórreos desta parroquia, como se pode apreciar nos de Alfonso Suárez, en Cando de Abaixo (foto 4a) ou no de Maruja Mayo, na Toxeira (foto 4b). Conservando esta función orixinal, pero buscando maior estabilidade, foron adoptando forma fisonomía piramidal, de formas simples, como no hórreo de Carmen Arestiño, en Cando de Arriba (foto 4c), e logo adornándose con bolas na cúspide, como no de Antonio Mayo, en Cando de Abaixo (foto 4d), que con posterioridade se foron abarrocando con molduras cóncavas e convexas superpostas ao basamento, como no de Anuncia, en Cando de Abaixo (foto 4e), ata acadar formas tan elegantes como o de José Gorgal, tamén en Cando de Abaixo (foto 4f)[5]. Ás veces adoptan aspecto de xarrón, como no hórreo de Perfecto Miguéns, en Cando de Arriba (foto 4g). Noutras ocasións, a figura piramidal trúncase, como acontece no hórreo de Ramón Romero e Maricarme Blanco, no

Foto 4. Remates pinaculares.

Gallardo (foto 4h). Por último, esquecida a función orixinal, foron adoptando apariencias fantasiosas, próximas ás esculturas cubistas, como é o caso do remate do hórreo de Victoria Puente en Cando de Abaixo (foto 4i).[6]

No momento no que o imperio romano chegou á súa fin, o emperador Teodosio instaurou o cristianismo como relixión oficial e desde o s. V o paganismo empezou a ser perseguido desde o poder instaurado en Galicia polos invasores suevos, entre os que o bispo S. Martiño de Dumio exerceu unha gran influencia que impulsou a conversión das crenzas romanas e prerromanas aínda existentes. Un dos signos máis visibles deste proceso foi a colocación de cruces e outros símbolos cristiáns en templos, lugares de culto e incluso espazos domésticos como os graneiros. Logo de que as cruces se converteran en elementos omnipresentes nos nosos hórreos, estas foron adquirindo un carácter cada vez máis decorativo, pasando das sinxelas cruces de brazos rectos a outras oitavadas, con máis ou menos elegantes basamentos, como se ve no hórreo de Anuncia, en Cando de Abaixo (foto 5a); outras adoptaron formas cilíndricas ás que se engadiron pequenos resaltes ao longo dos brazos para imitar formas leñosas, como acontece co hórreo de Barbazán, en Cuns (foto 5b); en moitos casos engadiuse un círculo na intersección dos brazos para imitar as cruces celtas, tal cal sucede no remate do hórreo de Eligio Nieto, en Carballido (foto 5c); solución que presenta diversa variantes: unha cun disco no medio, vese no outro remate do hórreo de Ramón Romero e Maricarme Blanco, no Gallardo (foto 5d); outra co círculo deixando un oco no medio, pódese ver nun dos remates do hórreo de Manuel Mayo, en Cando de Arriba (foto 5e); e aínda unha máis, con estrías nos brazos, é visible no hórreo de Benedita González en Vilar (foto 5f).



Foto 5. Remates cruciformes

[1] Ver *Terra de Outes* nºs 50 e 51

[2] O de ramón Romero e Carmen Blanco, no Gallardo, tamén posúe dúas portas, pero unha delas abriuse a posteriori, razón pola que non dispón, ao, contario da outra, de capa horizontal debaixo co seu correspondente pé auxiliar.

[3] Revista *Terra de Outes* nº 50, páxs. 18 e 19.

[4] Gran parte das supersticións aínda en vigor no mundo occidental son herdanza romana, unha civilización sumamente crédula.

[5] Ver imaxe completa do hórreo na revista *Terra de Outes* nº 51, páx. 9.

[6] Ver imaxe completa do hórreo na revista *Terra de Outes* nº 50, páx. 19.

Árbores e bosque na normalización lingüística galega (I)

Xosé Carlos Gz Añón

A normalización lingüística entendémola como o proceso levado a cabo nunha sociedade para promove-lo uso normal e habitual da súa lingua autóctona diante doutra ou outras linguas con que está en contacto.

Trátase dun proceso de restauración. No noso caso non é máis, nin menos, que recupera-lo uso normal da nosa lingua propia, autóctona, o galego, uso habitual que tiña na Galiza antes de entrar en contacto intensivo coa lingua allea, que aquí é o castelán. Podémolo comparar coa actividade ecolóxica de protexe-las especies autóctonas, cando son reducidas por unha especie allea invasora, implantando os medios para as autóctonas recuperaren plenamente o seu espazo e funcións.

Iso é o que debería ser, polo menos. Porén, as políticas de normalización lingüística do galego, deseñadas e dirixidas principalmente pola Xunta, baséanse dende sempre nunha filosofía que a s l evou ó fracaso e que podemos resumir en dous postulados: a voluntariedade (entendida como non-obrigatoriedade) e a (utópica) coexistencia amábel co castelán.

Como dicimos, sempre foi así e así segue sendo, dende que comezaron esas políticas hai máis ou menos 40 anos, con pequenas diferenzas de matices nos períodos de gobernos alternativos ó hexemónico PP.

O caso é que eses principios son asumidos pola maioría da poboación galega como indiscutíbeis e evidentes, naturais. E, de feito, nunca lle chega mensaxe ningunha de que se poden cuestionar e de que existen alternativas.

Todo iso a pesar de que, con esa estratexia, o galego chegou a unha situación desastrosa: vén sendo usado cada vez menos e cunha calidade, cando se usa, lamentábel, tanto na fala coma na escrita.

Os dous principios mencionados son combinados e presentados, máis ou menos, do seguinte xeito: *aquí temos dúas linguas, o galego e o castelán, que podemos usar libremente, o cal é unha riqueza.*

E desa situación *idílica* os poderes públicos derivan outro axioma, tamén asumido incondicionalmente: *non debemos nunca impo-lo galego, porque ademais sería contraproducente; simplemente, como máximo, podemos persuadi-la xente para que o use*.

Correspóndense as anteriores afirmacións coa realidade? Rotundamente, non. Deixar en liberdade o galego co castelán é como deixar en liberdade unha ovella diante do lobo. O castelán, alén da súa situación sociolingüística privilexiada na Galiza por razóns históricas, políticas e sociais, ten innumerábeis normas, o ordenamento xurídico español en conxunto, que o protexe, comezando pola propia Constitución, que obriga expresamente a coñece-lo castelán mais non fai o mesmo coas outras linguas do Estado, nin sequera nos seus territorios[1]. Podemos dicir pois que o galego non é realmente unha lingua cooficial n a Galiza, senón suboficial.

Con isto, a política de coexistencia amábel co castelán deriva sempre, inevitabelmente, nunha submisión do galego ante o castelán, que podemos ver por tódolos sitios só con pormos un pouco de atención. A lingua galega é a minorada e absolutamente secundaria nun escenario diglósico. Non estamos para nada, como quere facernos ve-lo discurso hexemónico, nunha situación natural de contactos recíprocos entre linguas ou de importacións normais, que se dan en tódolos idiomas, de palabras alleas. O que hai aquí é unha invasión brutal e acelerada do galego por parte do castelán. Contrariamente ó que indica o tópico, o castelán aquí non suma, senón que resta, cada vez máis, á lingua do país. Non enriquece, senón que despraza e elimina as características propias da lingua galega. Se unha situación similar á actual do galego, na fala e na escrita, ocorrese aquí co castelán, pouco menos que xa interviría o exército español.

É certo, evidentemente, que hoxe se emprega o galego en varios ámbitos específicos en que hai medio século estaba case sempre vedado (ensino, universidade, cultura, política, Administración…), mais isto é máis ben unha gran ficción, unha miraxe. O uso cotián foi continuamente a menos, e o fundamental é que entón na Galiza aínda se podía vivir en xeral plenamente en galego e hoxe non. A lingua propia ficou

Salvador Sas - Efe

desamparada ante as mudanzas sociais. Alén diso, o galego daquela, malia que xa con moitos castelanismos, era polo menos aínda dabondo galego, sobre todo, obviamente, na fonética, mais tamén de xeito especial na morfoloxía e na sintaxe, mentres que o empregado hoxe derivou maioritariamente a un calco, unha má tradución, do castelán.

Porén, os poderes públicos, particularmente a Xunta, presentan todo o anterior, como diciamos, como unha situación idílica, que chegaron a denominar *bilingüismo harmónico*. Ata tratan agora de evitar e censura-lo propio termo *normalización*[2], co *argumento* (?), elaborado sen dúbida por mentes superdotadas, e outra vez incontestábel, de que *"Galicia" xa é unha terra normal*. De todo isto deriva o axioma que identificamos ó inicio como o principio da voluntariedade, é dicir, a non-imposición do galego.

Xa o propio termo *imposición* aplicado á lingua galega é unha falacia. Tódolos países teñen numerosas normas que obrigan a coñecer e usa-la súa lingua propia. Iso non é ningunha imposición, é o lóxico. As empresas italianas deben usa-lo italiano e o persoal público noruegués ten que usa-lo noruegués en xeral. En troques, na Galiza témo-lo costume de aceptar innumerábeis

normas que nos obrigan a usa-lo castelán e a iso non chamamos imposición, aínda que non sexa a lingua propia de aquí. Pola contra, calquera pequeno intento de exixir coñecer ou usa-lo galego, mesmo só para colectivos determinados ou situacións específicas, provoca unha reacción adversa en moita xente. Non hai protestas por que, para acceder a un emprego público, haxa que saber cal é a composición e funcións do Senado, mais si as hai se se pide un certo coñecemento da lingua do país, coa cal se vai ter que interactuar nese emprego.

E neste escenario, nas escasas ocasións en que hai algún precepto que obriga, a súa aplicación práctica adoita ser ignorada. Así, cando nas cláusulas do contrato se obriga as empresas concesionarias dos servizos públicos a usa-lo galego, tal obriga pode ser incumprida case sempre sen consecuencias, porque tanto esas empresas coma os organismos públicos que terían que exixi-lo cumprimento asumen implicitamente que as ditas cláusulas non son máis ca un adorno que a ninguén importa realmente. Nin moito menos esperemos que aquelas empresas ou estes organismos se preocupen de empregaren un galego minimamente correcto, o cal sería un milagre.

Hai que cambiar urxentemente esta situación que se retroalimenta entre unhas políticas indolentes, planas e conformistas, e unha sociedade indiferente, cando non predisposta contra a lingua galega. E a maneira de cambiala é mudando a política tradicional da voluntariedade, baseada en deixar que a xente coñeza ou use o galego só se quere, aínda sabendo que unha gran parte da sociedade, dese xeito, non quererá nunca.

Trátase dunha política que se xustifica en tratar de atende-las árbores individuais ocultando que o bosque se está a queimar todo el. Unha política limitada a medidas parciais, conxunturais, temporais e sempre de aplicación voluntaria, moitas veces centradas case que exclusivamente na actividade denominada *de dinamización* (que é, ou debería ser, só unha das partes da normalización). Apenas pingas de auga para un incendio cada vez máis grande. Polo menos ó principio estas medidas, aínda que sempre insuficientes, eran algo numerosas e variadas, mais neste século reducíronse drasticamente os orzamentos destinados á lingua e agora consisten apenas nuns coidados paliativos.

Incluso, no paroxismo da non-intervención, as autoridades políticas e mesmo as lingüísticas son moitas veces ata contrarias a que se poñan de manifesto e corrixan os continuos erros, case que todos castelanismos, que cometemos no emprego do galego, porque, indican, iso provocaría nas persoas un rexeitamento a usalo. Tal estratexia, que resultaría inconcibíbel en calquera lingua minimamente prezada, é outro reflexo da doutrina de atender só árbores (persoas individuais) abandonando o bosque e levando así a uns resultados nefastos, totalmente contrarios ó que se di pretender: as árbores, as persoas, contaxian os erros en cadea unhas ás outras e acaban percibindo o galego como unha lingua sen rigor, onde todo vale, e polo tanto de inferior categoría, inadecuada para as cuestións serias. E o bosque do galego, envelenado como resultado dese *laissez faire*, non é xa un bosque realmente galego, senón, como antes dixemos, unha má copia do bosque castelán.

Porque unha lingua é moito máis ca unha ferramenta para as persoas se comunicaren. É a cosmovisión particular dun pobo, que se perde cando abandonámo-la lingua autóctona ou copiamos doutra. Como unha ilustre noiesa dixo, *pensar en galego vai moito máis alá da lingua de uso, supón unha perspectiva, unha posición, unha realidade. Somos idioma, non a súa tradución*[3].

Mais hoxe todo o galego, escrito e falado, é cada vez máis unha tradución ou un calco directo, polo que está cheo de desfeitas lingüísticas clamorosas, infinitamente máis numerosas e graves cás que hai aquí no castelán. Escoitamos e lemos con normalidade expresións como *A *enfermera da *mascarilla puxo na *camilla *ao *chico que *se *había roto a *rodilla.* Incluso calquera oración sen aparentes castelanismos groseiros ten moitas posibilidades de non ser autenticamente galega. Por exemplo, a lenda *Respecte *ao ciclista*, que vemos polas estradas en numerosos letreiros, pagos obviamente con cartos públicos, responde a unha construción castelá, pois no galego eses obxectos directos (*o ciclista*; como tamén *o mozo que rompera*[4] *o xeonllo*, na versión correcta do exemplo anterior) non levan a preposición (*a*). Así que debería ser *Respecte o ciclista*[5], cun *o* sen acento gráfico, só artigo, correspondente a un *o* cerrado na pronuncia; do mesmo xeito que nun galego correcto só pode ser *puxo na padiola o mozo* (nin **ao mozo* nin **ó mozo*). Non se trata de simples cuestións normativas ou ortográficas, trátase de que

Algúns castelanismos letais xa pasan inadvertidos

o galego que se usa non é galego, mesmo cando, coma no caso do letreiro indicado, apenas nos damos xa de conta.

---

(1) O precepto máis ambicioso e potente da Lei de normalización lingüística de 1983, que estabelecía o deber de coñece-lo galego (equiparándoo así co castelán), foi axiña anulado polo Tribunal Constitucional con base nun recurso interposto polo Goberno español do PSOE e apoiado polo seu delegado entón, quen era tamén… o presidente da Real Academia Galega!!

(2) Así, pola disposición transitoria primeira do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario, suprimíronlle-lo termo *normalización* ós correspondentes equipos existentes nos centros de ensino, que agora se chaman simplemente *equipos de dinamización da lingua galega*. Alén diso, a Xunta refírese ós SNL das diversas institucións simplemente como *servizos lingüísticos*.

(3) Ana Romaní: discurso de ingreso na Real Academia Galega. Noia, 6 de abril de 2019. *V.* Teresa Moure: *Linguística Eco-*. Através, 2019

(4) Non *que *se rompera o xeonllo*; outra construción, a reflexiva indirecta, propia do castelán e impropia do galego

(5) Non entramos xa agora na cuestión da linguaxe sexista do letreiro ou en que, por outra parte, a nosa proposta é que, de se-lo caso, a contracción *a+o* debería escribirse *ó* e non *ao*, para non perde-la pronuncia galega (un *o* aberto) e tamén por coherencia coa correspondente feminina *a+a*, que se escribe sempre *á* e non *aa*: *v.* "Adeus a come-lo caldo" no n.º 47 da *Terra de Outes*. O uso da segunda forma do artigo axudaría a construírmos correctamente esas expresións, sen a preposición diante do obxecto directo: *puxémo-lo mozo na padiola*; así que a súa defenestración (*v. idem*) favorece a omnipresenza desas construcións antigalegas; dúas maluras que fan o galego moito menos galego.

Entrevista a...
Manuel López Rodríguez

O poeta Manuel López Rodríguez (Noia, 1978) ten unha ampla traxectoria na escrita e en diversas plataformas culturais: Grupo Literario Avilés, Tertulia Literaria Adamajuana, Asociación Teatral Éteatro, Colectivo Literario-artístico Sacou, dúo poético-musical NoN SomoS NóS (con m. m. reino), Asociación Audiovisual Paradiso... Organizou o Encontro Nacional de Poesía en Idioma Galego (a última edición tivo lugar no noso concello). Ten textos en diversas revistas literarias e nalgúns libros colectivos. No presente ano está a vivir unha auténtica eclosión: premiado en varios certames, publicáronse dous poemarios seus e están no prelo dous máis; un resultou gañador do "Certame Eduardo Pondal" e co outro obtivo o "Premio de poesía Concello de Carral" (actualmente un dos máis importantes no noso idioma). Comprometido como está co asociacionismo, vinculouse a Terra de Outes nos primeiros anos da nosa andadura. Nunca esquece que o primeiro acto público de Sacou foi na Serra de Outes.

Durante moito tempo só tiña un poemario publicado, *Antítese nativa*, do que se fixeron dúas edicións, a segunda ampliada. Algún crítico definiu a súa poesía como espacial e romántica. Por que? Está de acordo con esa clasificación?
Supoño que si. Cada vez que alguén di certa cousa sobre o que escribo aprendo algo novo, e iso é fascinante. Non creo que a día de hoxe eu faga unha "poesía romántica", aínda que si é certo que puiden incorporar á miña poética, nalgún intre, algún elemento desa escrita do XIX. Sexa como for non debo afastar de min o feito de que comezase a escribir influído polos modernistas. Tiña eu dezaseis anos.

Mais cónstame que nunca deixou de escribir, e moito. Por que tanto silencio? Ou, ao revés, por que a "sobreprodución" actual?
É complicado. Doulle demasiadas voltas ao texto. O *Antítese nativa* levoume oito anos escribilo; *A demarcación do volcán* (este libro está incluído na segunda edición de *Antítese nativa*), tres anos; *Nas pulsacións*, doce anos. Na actualidade están saíndo cousas coas que levo traballando desde hai moito tempo. Algunhas máis actuais. Mais coido que é unha casualidade que apareza agora todo de súpeto: as publicacións, os premios... A saber.
O que si é verdade é que nunca deixei de escribir. Todo o contrario, sempre estou escribindo. Hoxe por hoxe dedícolle arredor de catro horas ao día (media xornada laboral), entre seis e sete días á semana a este labor; oficio que, precisamente, non é o que me dá de comer.

Igual ca aquel primeiro libro, os poemarios *Desde onde non nace* (Medulia, 2020), *Vangarda ule* (tamén sairá editado por Medulia) e mais *Nas pulsacións* (que publicará Espiral Maior nos vindeiros meses) son froito de premios literarios, neste caso, respectivamente, dos concellos de Negreira, Ponteceso e Carral. Teñen demasiado peso este tipo de institucións no devir poético galego en particular? Considera isto un síntoma de debilidade ou de fortaleza? Quere destacar algún aspecto positivo ou negativo dos premios e/ou dos seus xurados?
Buff! Teriamos acá un longo debate. Imos por partes. Os xurados dos premios literarios teñen certo peso no devir poético, efectivamente. Isto non é nin bo nin malo. O peor do asunto é cando estes xurados están condicionados (ou o que é peor: forman parte de asociacións, grupos de presión etc.) polas modas temáticas, ás veces tamén formais. De súpeto ponse de moda premiar a persoas con orellas longas e entón deixa de valorarse o texto para entrar na tentativa de averiguar quen é o que está detrás do libro presentado: non vaia ser que o premio recaia nalguén que teña as orellas doutro tamaño (a disidencia penalízase con dureza)... Ultimamente semella que a cousa está a mudar un chisco, houbo xente que ergueu (erguemos) a voz. Só, e exclusivamente, a calidade literaria debe terse en conta.
En xeral é un síntoma de debilidade de calquera sistema literario que os escritores teñan que depender dun premio ou, cousa horríbel, dos libros que se vendan nos institutos. Desde logo non é o meu caso. A realidade é que, na Galiza, por desgraza, non hai (moitos) lectores (voluntarios) que non sexan escritores ou amigos de escritores. Quizabes aumentando o abano de propostas (tamén temáticas, por suposto), sen liñas vermellas, poderiamos chegar a máis xente. Quizabes non. A verdade é que non o sei.

Recollendo o premio de poesía Concello de Carral

Sexa como for, o interesante está na marxe. A miña proposta aos adolescentes (e non tanto) lectores, por exemplo, é que busquen sempre libros e autores que traten asuntos contrarios, e opostos, aos que lles deprenden nos institutos. "Se vos din que é obriga comer ensalada, nin o dubidedes! Ide a polo churrasco!!".

No caso do outro libro, *Rompe* (Urutau, 2020), non mediou ningún premio e sae nunha editora que está a gañar prestixio. Porén, non deixa de ser unha empresa de recente creación, aínda non asentada. É difícil publicar en Galiza nas plataformas susceptíbeis de contar cunha maior difusión ou audiencia?

Pois disque si. Eu a verdade descoñezo ese dato. Lévame tanto tempo construír os poemarios que cando os teño rematados xa sei para onde é que van ir ou a onde os vou enviar. O de Urutau foi unha sorpresa ben agradábel. Encántame como quedou o libro!!
En todo caso, eu conformaríame con que esa difusión fose equitativa, para todos os creadores, nas revistas, suplementos especializados, radio pública, televisións etc. Leo o xornal e sae unha entrevista a Pepiño, prendo a radio e alí fala Pepiño do seu libro, acendo a tele e Pepiño sorrí cara a min. Despois decátome de que Pepiño (no símil anterior) ten as orellas longas, como a moda manda... ou que a trama do seu libro trata, como non, do tamaño da mencionada parte corporal nun personaxe que sempre (meu pobre) sofre demasiado.

Hai algunha diferenza estética entre estes libros? Ou polo menos algunha distancia temática ou formal co primeiro, máis dunha década despois?
Hai. Todos os meus libros son diferentes. Pasei unha fase "neomodernista", outra "urbana e social", outra máis "de corte psicolóxico"... Agora traballo arreo coa experimentación formal. Mañá, seguro, hei facer cousas novas. Pode que incluso regrese sobre o xa feito. Non sei. Mais si, é evidente que estes últimos poemarios están moi distantes os uns dos outros. *Desde onde non nace* é un proxecto totalmente experimental (algún día falarei sobre el detidamente) onde a repetición de palabras (quizabes o elemento estilístico máis importante) está perfectamente medida e permite que o lector chimpe duns versos a outros, incluso entre poemas... e onde non hai un xeito único de interpretación. O *Rompe* é, por excelencia, o tipo de poesía coa que máis me sinto identificado na actulidade. Con ela estiven os últimos anos. Tamén brinco con esas repeticións desacompasadas do *Desde onde non nace*, pero en menor medida. Neste senso en *Rompe* aprendín a traballar con ese recurso que en *Desde onde non nace* se culmina de xeito perfecto (insisto: algún día falarei sobre isto). *Vangarda Ule* é unha proposta correctamente dirixida, tamén diferente aos dous referidos, e *Nas pulsacións* é o poemario que pecha a triloxía formada, asemade, por *Antítese nativa* e *A demarcación do volcán.*

Sempre está a buscar novas canles de expresión artística. Actualmente está a experimentar coa fotografía, a pintura e o vídeo. Pretende así alargar o verso?
Adoro facer cousas novas. Acostumo escribir sempre diferente, facelo dun xeito que non fixera antes, esquecer o libro anterior e comezar de cero ou, ás veces, responderlle con outro libro contraposicionando o xa publicado. Comezar a traballar noutras disciplinas artísticas é unha maneira de experimentar, de afondar, de percorrer novos sendeiros...

Cal é a súa poética? Que mensaxe pretende transmitir co que escribe?
A mensaxe que pretendo transmitir é "ningunha". A día de hoxe non me interesa, para nada, a mensaxe. Haina, pero o lector non a percibirá, ou si, ou uns si e outros non. Que máis da? O importante é o "como está escrito" e non o "que". Así a todo, e dígoo con total sinceridade, é mellor, pola miña propia seguridade e aceptación social, que non se coñeza ao cento por cento do que tratan os poemas que escribo.

Da poesía ao activismo

Vostede foi un dos fundadores do Colectivo Literario-artístico Sacou, así como partícipe doutras entidades culturais na súa xuventude. En que medida estas iniciativas serviron de estímulo da súa obra ou das súas inquietudes?
É indubidábel que Sacou foi para min unha escola mais, tamén, un lugar onde partillar inquedanzas. En Sacou aprendino todo, non só a escribir, senón a recitar e a participar no tecido organizativo, e sen ánimo de lucro, da Cultura Galega. Xornadas, eventos, certames, publicacións... O que se fixo en Sacou considero que moi poucas veces, ou incluso nunca, se fixo na Galiza.
Máis recentemente, fundou a editora Acha Escrava e mais a plataforma artística e literaria A Lanzadeira de Alcor. Entendo que son proxectos herdeiros de Sacou. Que logros destacaría destas novas empresas?
Ben, tanto Acha Escrava como A Lanzadeira de Alcor, débenlle, en efecto, a Sacou a súa existencia. A editorial naceu con vocación de abrir novas vías, moi necesarias (e hai cousas que seguen a ser precisas) no Sistema Literario Galego. Publicouse moi pouco mais dun xeito moi intenso. Fixemos xiras, levamos os libros alí onde nunca se levaron, chegamos a ser número un en vendas con algún dos poemarios... Estou moi orgulloso dese proxecto. Neste 2020 tiña en mente reanudar, despois dun pequeno cese, a actividade... mais chegou a pandemia e detivo todo máis unha vez.
Coa Lanzadeira de Alcor organizáronse eventos á marxe de Acha Escrava, presentando libros doutras editoras, dando a coñecer autores novos, promocionando os xa recoñecidos... En certo modo foi a continuación de Sacou pero en pequeno formato.
Mais vostede é un activista total... Durante anos mantivo un blogue moi dinámico, que actualizaba continuamente e creaba acendidos debates entre os lectores. E incluso chegou a manter unha emisora de radio en galego por internet, *AnfiteatroGZradio*. De onde lle vén esta pulsión?
Non soporto a quietude e o amorriñamento. Adoro, así a todo, a polémica, incluso carente de contido. Lembro con moito cariño o blogue *Maré Aberta*, onde, a xeito dun barco onde eu era o capitán, se discutía sobre o inimaxinábel. De cando en vez arrebolaba algunha luva a calquera autor e este entraba na ofensa sen dubidalo. É moi doado, e fascinantemente divertido, provocar aos escritores: son, case todos (e todas).

Consecuencias da COVID-19. Como Coidarse.

Dr. Xosé Mª Dios Díz

"Reflexionar serena, moi serenamente, é mellor que tomar decisións desesperadas".
Franz Kafka: *A Metamorfose,* 1915

A pandemia por coronavirus SARS-CoV-2 segue aí… e seguirá! Os coronavirus, deben o seu nome ao feito de ter unha forma esférica da que sobresaen unhas espículas que lles dan a apariencia dunha "coroa solar". Dentro de toda a problemática que ocasiona padecer esta enfermidade da Covid-19 (*coronavirus disease 2019*), temos cuestións económicas, sociais, políticas, etc. e, por suposto, están as sanitarias. Destas imos falar.

É un virus novo, pero dunha familia, vella coñecida dxs epidemiólogxs, que, en xeral, causaba arrefriados comúns; coñeciamos 6 tipos de coronavirus: o HCoV-229E, HCoV-OC43, HcoV-NL63, HcoV-HKU1, SARS-CoV, MERS-CoV e apareceu o SARS-CoV-2 causante da Covid-19. Éste é un virus RNA que muta con frecuencia e isto faino máis perigoso. Os coronavirus non só lles afectan aos humanos, tamén poden pasar de especie a especie. Agora, encontrámonos cun virus totalmente novo, algo que as nosas defensas non viron nunca e, polo tanto, non saben como defendernos.

É a primeira vez que pasa isto? Non. Recordemos o SARS en China (2002) e o MERS en Oriente Próximo: Arabia Saudita, Baréin, Qatar, Emiratos Árabes, etc. (2012). Tamén foi por coronavirus, pero outra cepa. Ambos tiñan unha alta tasa de mortalidade: un 10% para o SARS e un 35% para o MERS. A pregunta é, sabendo o que pasou, **por que nos pilla tan descolocadxs?** A resposta está nos recortes efectuados polos diferentes gobernos no tema sanitario: o non investimento en sanidade, sempre dá máis prexuízos que beneficios. Ambas pandemias foron controladas a tempo, pero aprendemos pouco delas. A mortalidade e a contaxiosidade deste coronavirus son moito maior que as dos anteriores. O seu período de incubación é de 14 días, pero non sabemos ben dende cando é contaxioso e por que nunhas persoas aparecen os síntomas de inmediato e noutras tardan moito máis.

Onde se orixinou? Din que en China, pero puido ser en calquera lugar onde animais e persoas convivan estreitamente. O illamento que se produciu neste país foi moi beneficioso para que a pandemia non fose aínda peor. O SARS-CoV-2 pode quedar sobre superficies durante largos períodos de tempo, non fai falta estar en contacto cun/ha enfermx para contaxiarnos. Con tocar unha superficie e levar a man á boca, ao nariz ou aos ollos xa o podes ter. E, aparentemente, podes reinfectarte, non crea inmunidade. Ou sexa, que o podes pasar varias veces. A transmisión principal é por vía inhalatoria. Calculan que se precisan 15 minutos de contacto estreito.

E que podemos facer? Lavar as mans, usar as máscaras e gardar a distancia de seguridade (as 3 M: mans, máscara e metros). Se tes sospeita de que podes telo, ou ben pola sospeita de contaxio con persoa positiva ou polos síntomas, debes poñerte en contacto co médicx de familia, ou chamar ao 900400116 e explicar o caso. Se xa o tes pillado e non tes síntomas, illarte 14 días é o mellor. Alimentarse ben, pois así o teu sistema inmune reforzarase e non estará débil, e intentar durmir ben (se se pode).

Cales son os síntomas a ter en conta para sospeitar que temos a Covid-19? Febre (superior aos 37,5º na axila), tose seca (insuficiencia respiratoria), dor muscular, náuseas, vómitos e diarrea ("FiToDoNaVo"), e por esa orde, importante isto para descartar outras patoloxías.

Cales son as consecuencias de padecer a COVID-19?

Problemas cardíacos: palpitacións, hipotensión ortostática, síncope, HTA, taquicardias, bradicardias.

Problemas respiratorios: disnea (falta de aire), opresión torácica, tose seca. Os problemas respiratorios en pacientes que estiveron na UCI, dada a progresión da enfermidade, precisan ventilación mecánica, con perda de masa muscular e debilidade polo tempo da inactividade e secuelas da intubación endotraqueal.

Problemas psicolóxicos: ansiedade, fobias, apatía, trastornos do sono, problemas derivados da estancia na UCI e estrés psicosocial derivado dunha situación extraordinaria: por primeira vez, o conxunto da poboación vese sometida a unha corentena que restrinxe a súa mobilidade e achica tanto a súa contorna de convivencia como a axenda de actividades habitual.

Problemas otorrinolaringolóxicos: odinofaxia (dor de garganta), disfaxia (dificultade para tragar), disfonía (perda do timbre normal da voz), acúfenos (zumbidos nos ouvidos), hipoacusia, aftas bucais.

Problemas oftalmolóxicos: nistagmus (movemento involuntario dos ollos), diplopia (visión dobre), visión borrosa, ollo seco.

Problemas osteomusculares: artralxias (dor articular) e mialxias (dor muscular), cambras musculares.

Problemas ca coagulación: hematomas, microtrombose. Hoxe sabemos que esta é unha das causas de tan alta mortalidade deste virus.

Problemas dixestivos: dores abdominais, dispepsia, pirose (ardentía esofáxica), diarrea, flatulencia.

Problemas dermatolóxicos: urticaria, *rash*, alopecia (caída do cabelo).

Problemas neurolóxicos: parestesias (formigueo), cefaleas, perda do gusto, perda do olfacto, trastornos da aprendizaxe, déficit de memoria, mareo, inestabilidade, dificultade de concentración.

Problemas xerais: febrículas, anorexia, calafríos, malestar xeral.

...E problemas Covid-persistentes: astenia, incapacidade, perda da calidade de vida, flutuación dos síntomas.

E que pasou como consecuencia do confinamento nas persoas maiores? Xente que antes se movía sen necesidade de apoios, despois do confinamento precisa cadeira de rodas para os desprazamentos máis longos; outrxs perderon a capacidade de orientación e agora non saben o día que é ou onde están, e teñen ademais máis problemas de memoria e non recoñecen a familiares ou o personal do centro de día con quen estaban dende facía anos. No tema da reminiscencia persoal da súa propia vida, da súa familia, de onde viven e traballaron, nótase, en boa parte dxs maiores, que neste aspecto perderon capacidade; hai maiores con dificultades para usar máscara e gardar a distancia de seguridade, e ademais xs seus familiares non poden entrar nas residencias ou centros de



Coronavirus coa "coroa solar". Imaxe da AARP.

día, coas consecuencias psicolóxicas que isto acarrea. A Covid-19 reforza os estereotipos idadistas ("os vellos morren", "as vítimas son as persoas maiores e vulnerables"). Chama a atención que as noticias referentes aos máis novos e ás de "idade produtiva" sexan tratadas con profundidade e detalle, mentres que a morte de anciáns só merece un engadido ás estatísticas!

Os termos que xs políticxs e os medios de comunicación utilizan para falar de persoas maiores, adoitan ser inadecuados: "os nosos maiores", "os avós". Pero o certo é que non son "nosos" no sentido de posesión, nin todos son "avós" no seu significado de parentesco familiar. As restricións nas relacións sociais aumentan o problema preexistente de soidade e illamento das persoas maiores, e as consecuencias para a saúde da desconexión social que existía antes da pandemia aumentan. Outra forma de discriminación sufrida polas persoas maiores nestes tempos de pandemia foi a decisión das autoridades sanitarias de tomar como criterio "a idade" para a desescalada, situando as persoas maiores, como xs últimxs en poderen saír do confinamento, e, entre eles, as persoas maiores que viven nas residencias. O de non derivalos aos hospitais de referencia xa é de delito!

Cal foi a actitude das autoridades políticas na resolución (...ou non) da crise? Os recortes producidos nos últimos anos, cunha nula planificación para unha pandemia destas características, os bandazos na transmisión da información (máscaras si, máscaras non...) e a falta de recursos ante o que se nos viña enriba, empeoraron o tema: non orzamentaron para combater a enfermidade; o tema dxs rastrexadorxs, fundamentais na detección precoz de futurxs enfermxs, absolutamente nada e incluso tratando de privatizar o sistema ou incluír persoal militar para atallar problemas sanitarios. A información que se lle pasa á cidadanía dende diferentes "centros de mando"

Foto de *El Independiente.*

ás veces é inexacta e outras, contradictoria. Que dicir o que fixo Feijoo, dándolles 250 euros aos profesionais, para gastar en cañas e paradores, e mentíndolle descaradamante á poboación, e ás autoridades sanitarias, dicindo que tiña "6.000" rastrexadorxs; vaia mentira: incluía o persoal de atención primaria, xa sobrecargado, para realizar labores de rastrexo para os que non tiñan tempo material pola saturación das consultas, debido a que non poñen sustitutxs para xs traballadorxs que collen vacacións, se xubilan ou están de baixa. As críticas son importantes e moitos problemas poderían resolverse, se a administración do PP tivese vontade de facelo. Tamén temos que dicir que o persoal que se dedicou a facer as probas da enfermidade o fixo con moita eficiencia e dilixencia á hora de realizar e dar os resultados xs doentes...

E agora temos o tema da volta ás aulas. Poñer de acordo a tódalas institucións relacionadas coa educación, *en contra do "protocolo de seguridade" deseñado polo PP,* tanto para as escolas, institutos e universidade é todo un "mérito" do sr. Feijoo. É capaz de elaborar ata "unha Lei de Saúde" para o estado español, sen ter competencias para iso, pero non é capaz de asegurar que xs alumnxs vaian a clase, coa seguridade que se presupón que ten que ter unha actividade como a docencia.

A preocupación dxs xestorxs da sanidade é que o sistema sexa capaz de absorber a demanda de doentes que padecen Covid-19, independentemente do número de persoas afectadas: e o sistema resiste, tranquilidade; se o sistema non resiste e colapsa, xa faremos IFEMAS, pavillóns adaptados e palacios de xeo para meter os cadáveres.

O interese da administración debería ser que a xente non se contaxie e que non enferme, pero para iso hai que querer e, polo que estamos vendo, queren ben pouco.

Aprender a convivir co virus e coa "nova normalidade" é algo ao que teremos que acostumarnos, por desgraza!

Pero non debemos resignarnos e temos que demandar das administracións coherencia (non contradicións) e transparencia!

Foto de *El Heraldo de México*

Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

NOIA

A traballar!

Neste novo artigo temos varias cousiñas que reseñar. Por un lado queremos trasladarlle ao equipo de goberno local unha serie de feitos que a cidadanía nos fixo chegar, para desta maneira facelos un pouco máis públicos.

Nunha primeira orde, coa celebración da I Feiriña, na rúa da Capela, digamos que algún que outro se sente un pouco discriminado ao non estaren máis repartidos os postos, pois coa mesma parecía que só eran duns, e o desfrute dun local concreto, afín noutrora, cun cheirume algo partidista. Un tufiño pouco recomendable!

De segunda, un deficiente mantemento por parte da cuadrilla de obras e servizo de distintas fontes e accesos do concello. Non é cuestión de tempo, hai que ordenalo a quen corresponda, e punto!

Se queren ser recordados como os que botaron fóra do concello ao PP…ben, todos sabemos quen gobernaba daquela, non era o que estivo máis de vinte anos sen despeitearse (en fin, era quen era, alguén posto polo estado… pois se fose aquel, pode que outro galo cantaría na cadeira principal dos plenos…). Un pouquiño de humildade… pois inda non fixeron nada grandioso que reseñar… Aínda!!

Hai que poñerse as pilar e traballar arreo polos cidadáns e o pobo, e deixarse de chorradas, que diso tivemos os últimos corenta anos a dar e tomar. En fin, a traballar!

Lusco e Fusco

Lotería TERRA DE OUTES

77.109

Á venda en
Outes: Librería Pimpiniño · Kiosko Vicente · Bar Tines
Noia: Kiosko Maruxa · Perruqiería Emain

ASÍ NON

Máis lixo nos montes.

ASÍ TAMPOUCO ...

O alleo invade o paseo. Mantemento pésimo.

NIN DE COÑA ...

Máais mantemento... Cando pase algo grave!!...

NA CASA

Escuras ringleiras da alma
amósanse como escuros en min.
Soidade que deixa estela no camiño.
Silencio que se pode oír.

O tempo das présas pechouse,
Todo segue a rodar na calma.
Que foi o que pasou?

As horas da vida camiñan devagar
polo regueiro do tempo.
No peito moita dor.

Os amigos e a xente querida perderon o seu control.
Tempos incertos, ateigados de soidade, illados.
Ollos entrecortados miran ao seu redor.

A miña terra de Outes fixo calma-lo meu temor,
Quíxome axudar a leva-las mágoas do momento,
mais boto a falta-lo canto do xílgaro, o murmurio das / augas do Tines.
E o barullo da xente!
O percorrer do tempo!

Poderán cortar tódalas flores,
pero non rematarán coa primavera!

SENTIMENTOS
(Endexamais)

Nunca pensei de nena
que co paso dos anos
percorrería o camiño
ao teu carón,
"RÍO TINES".

Canto ben me fas, río!
Es o meu refuxio,
o meu suspiro.
Es parte da miña vida!

Sentir o murmurio da auga,
o canto dos paxaros nas árbores,
o corvo sucando o ceo.
Son sons do percorrido.

Cando ao teu carou vou, río,
mírote e vexo o devir da túa vida,
paseniña, tranquila, buliciosa.
De súpeto a túa auga forma fervenzas de escuma,
escuma branca, coma neve
que brinca de ledicia.

Os outenses querémoste,
Sentímoste.
Es noso amigo.
A miña sombra.
Ti, sempre ti,
meu río!

Deolinda Gómez Molinos

ELISA E MARCELA
Xulia Vicente
Consello da Cultura Galega, 2020

Elisa e Marcela non é a historia dun "casamento sem homem". Elisa e Marcela é unha historia de amor e de liberdade.
Velaí a súa transgresión.

Con este epílogo resume Xulia Vicente a historia de Elisa e Marcela. A obra que recomendo xorde dun encargo do Consello da Cultura Galega a esta autora, por mor da celebración do Día do Orgullo LGTBI+ 2020. Aposta o Consello pola banda deseñada despois de termos coñecido noutros formatos como o literario, teatro e mesmo cine, a historia do primeiro matrimonio entre mulleres no estado español, celebrado na cidade de A Coruña en 1901.

Aposta tamén por unha autora xove pero con moito percorrido na banda deseñada. A traxectoria de Xulia Vicente pasa pola colaboración en diversos fanzines (quero citar os divertidos "sacoponchos", licenza ortográfica incluída), tamén a colaboración no volume *Licor Café* (recomendado no nº 42 desta revista) e ilustracións de libros, maioritariamente doutros autores. Ademais foi autora do cartel dos premios María Casares de teatro 2018, entre outros encargos artísticos.

Para elaborar a historia de Elisa e Marcela, a proposta que o Consello lle fai á autora non só é para facer a ilustración, senón tamén para guionizar e escribir o texto, reto ao que Xulia se enfronta a partir da documentación existente a día de hoxe. Segundo a autora o traballo requiriu estudos de arquivos gráficos da época e apoiarse no libro de Narciso de Gabriel, *Elisa e Marcela: amigas e amantes*, publicado por Xerais. Tamén mantivo contacto coas actrices da compañía de teatro A Panadaría, que levaron o relato aos escenarios con moito éxito, ou conversas con Guillermina Domínguez, casada no primeiro matrimonio oficial entre dúas mulleres en Galiza, así como a versión cinematográfica da historia, dirixida por Isabel Coixet.

Con todos estes ingredientes Xulia elabora un relato delicioso, tráxico e ao mesmo tempo esperanzador, e debuxa unhas protagonistas que engaiolan dende a primeira folla, así como constrúe unha ambientación da Galiza rural e urbana moi fermosa. Quero resaltar as marabillosas viñetas dunha romaría con coplas e regueifas incluídas (a autora sinala nos agradecementos ao seu amigo Benito, como autor das mesmas) que poñen en valor a historia real/ ficción desta banda deseñada.

Se cadra para moitas de vós a historia de Elisa e Marcela é sobradamente coñecida, pero o que hoxe recomendo aquí é unha versión orixinal tanto a nivel da historia (Xulia comenta en diversos medios que constrúe o relato baseado na realidade pero con elementos de ficción) como tamén do seu formato, banda deseñada "galega" que
podemos ler de xeito gratuíto en internet, descargándoa dende a páxina do Consello da Cultura (consellodacultura.gal), que ademais vai acompañado dun *making of* onde Xulia Vicente nos conta o proceso de elaboración e debuxa a portada.

Eu tiven sorte de facerme cun exemplar en papel. Quedei encantada coa lectura do cómic na rede, pero aínda o desfrutei máis tendo a obra entre as mans, apreciando polo miúdo as ilustracións. E agora déixovos unha boa nova, un agasallo. A partir do outono podédelo ter nas vosas casas tamén de xeito gratuíto. Será en determinadas librarías. Adianto, en Santiago de Compostela en Lila de Lilith e en Alita Cómics.

Lidia Vicente

RELATO

Rexas e xenerosas

Saúl Bustelo

"A outra noite, ceando,
o telexornal
agasallou a María con este titular:
Cayetana de Alba, unha muller
única e admirable,
feita a si mesma.
A María deulle gana de chorar
e sentiu
que o mundo é unha merda".

A lectura deste parágrafo dun artigo de Juan Blanco Valdés[1] fíxome matinar na necesidade de darlle visibilidade social ás mulleres cuxas vidas foron unha loita continua a prol da supervivencia propia e das súas familias. O resultado é esta serie encol de persoas **rexas e xenerosas** que tiven a sorte de coñecer directamente ou a través do testemuño de terceiras. Mudamos os nomes individuais e os topónimos para preservar a identidade das persoas que irán aparecendo nas sucesivas historias.

Arelamos que a súa lectura anime ás avoas e avós de Outes a mandarnos o relato das súas vidas para publicalos nesta revista da xente de Terra de Outes.

I. A xenreira do xornaleiro por non ser coma os máis

Os catro rillotes andabamos entre seis ou sete anos, pois o Luisito marchou cos pais para Newark no curso seguinte, cando os outros comezamos terceiro de EXB no colexio novo de Arenteira. Non lembro como armamos aquela trasnada, quen foi o argallante

Señora retratada por Ramón Caamaño

dela nin se a vítima adoitaba selo. Só que os catro rapaces eramos fillos de familias veciñas das aldeas de Brouzós de abaixo e as funestas consecuencias que tivo para min aquel asunto.

O Luisito do señor León pillou unha mosca grande na fiestra da aula. Collemos ao Bieitiño entre o Pepito de Barroso e mais eu. O coitado abriu a boca para pedirlle axuda á dona Casilda, a vella mestra que topeñaba pousadamente na súa mesa. Nós fomos máis rápidos e a mosca perdeuse pola gorxa abaixo do malpocado Bieitiño. Menos mal que na altura non había nomes en inglés para criminalizar aquela troula. Tampouco lembro que a mestra nos berrase moito e o sunto morreu alí para os outros maltratadores. Non para min.

O venres pola noite o meu pai volveu encirrado da taberna de Brouzós. O Bieito contáralle o que fixeramos co seu fillo e o meu pai sentiuse moi avergoñado por aquel abuso. Malloume a conciencia, aínda que a miña nai e a *avoa* Avelina se meteron no medio. Non tiveron xeito de frealo. A pobre vella que me criara rematou no chan. A miña nai abrazoume contra ela e deulle as costas ao seu home para protexerme. Ao cabo, eu era o fillo e apenas tiña sete anos.

Ao día seguinte o meu pai foi rozar batume ás *bouzas vellas* e levoume con el para cargar co *burro* de afiar. Camiñamos calados pois sentiámonos magoados un polo outro. El estaba *asentando* as fouces na pedra cando apareceu toda enrabechada a nai do Bieitiño e teimou no asunto da mosca que lle fixeramos papar ao seu filliño. Vinme perdido porque desta volta non tiña quen me valese. O meu pai púxose moi serio e díxolle que el a min xa me zoupara abondo e que fose queixarse aos pais dos outros rapaces que tamén se meteran co seu. A muller retrucou que o *señor León* e os da casa de Barroso non lle fixeran caso e marchou máis alporizada do que chegara.

Meu pai botouse a rozar coa afouteza que adoitaba empregar nesa angueira. Aprendera a facelo cando deixara a escola aos doce anos e mesmo algún cura parou a súa besta para ollalo tumbando toxos coa fouce na man. Pasei a tarde calado, ollando para el, porque de cando en vez caíanlle bágoas dos ollos. O camiño de volta fíxeno a cabalo dos seus hombreiros pois acordou que deixásemos o burro e a pedra na leira para outro día que fósemos rematar a roza. Lembro que volvín ledo collido das fortes mans que bateran arreo no meu corpo a noite anterior.

Anos despois, contoume que o seu pai o castigaba e mallaba sempre que os veciños o acusaban de facer algunha *aduanada* para evitar discusións con eles. Un día o pai estáballe cortando o pelo e escoitaron ás veciñas berrando "é o do *cortador*, é o do *cortador*!" porque uns rapaces entraran na horta para coller froita. O avó seica sorriu e o meu pai aproveitou para dicirlle ao seu: "Pois mire, como esta teño pagado moitas!".

Mágoa que non se lembrara diso cando mallou inmisericordemente en min pola ditosa mosca. Procuro lembralo ao reprender as miñas fillas.

O Bieitiño era fillo e neto de xornaleiros. A súa avoa forzouna un labrador abastado e para o que traballaba. O Bieito tivo unha vida ruín que o fixo revirado e traizoeiro como fora, seica, o seu pai. Fora un usureiro que se achegou aos republicanos primeiro e os denunciou aos fascistas en agosto do trinta e seis. O fillo bravo pasou a vida cavando con legóns, fendendo leña de carballo con cuñas e machados, arrancando esterco das cortes do gando coas picañas e cargándoo nos carros coa forcada. Facíao sempre ao revés, por certo, para cansar aos das casas, que ían carrexar o carro de argueiro á leira mentres el cargaba outro.

O meu tío Aurelio e mais eu cansamos de pedirlle que os cargase dende adiante cara atrás para facilitarnos o labor da descarga tirando coa picaña. Serviu de pouco asegurarlle que dese xeito volveriamos antes para axudarlle a cargar o seguinte e levarmos mellor o traballo, xa pesado de por si aínda que colaborásemos os tres. Nunca houbo xeito

de convencelo ata que eu fun mociño. Canso de rebentar as mans turrando da picaña pola terquedade do túzaro aquel, mudeille o traballo e mandeino descargar a el o carro que rematara de cargar. Ao cabo daquel día de *arranca de esterco*, pregunteille se tiñamos razón nós ou non. Viroume as costas rosmando que eu xa era un cabrón de pequeno, cando lle fixeramos comer a mosca ao seu fillo.

A nai do Bieito xa fora filla de solteira, aínda que a avoa casou, despois, con outro xornaleiro e tiveron dúas fillas máis. Malvivían nunha caseta da Presavella porque non tiñan vacas nin terras de seu e gastaban en viño boa parte do que gañaban traballando a xornal. Por iso mandaron a Baudilia servir de criada na casa do Bieito, un labrador rico e vedraio na freguesía veciña de Fontefría. O descastado do amo ata *facía vida* coa súa propia irmá e decontado abusou da mociña. Botouna da casa cando o embarazo da rapaza foi visible e Baudilia volveu coa súa barriga cabo dos pais.

A pobre da rapaza tivo un neno ao que lle deu o nome do pai. Ela meteuse a traballar a xornal, arrincando o argueiro das cortes e cavando nas viñas e cortiñas ata que o cativo serviu para traballar. Entón marcharon de caseiros para a aldea de Liñares. O Bieito nunca foi á escola. Curtiuse traballando arreo e casou coa filla máis vella dos sete que tivo Raimunda, outra xornaleira de Cabo de Vila. El gastou a súa vida traballando arreo ata moito despois de xubilarse pola Seguridade Social Agraria. Endexamais perdeu a desconfianza, o rancor e aquela sede de vinganza contra unha sociedade que o asoballara mesmo denantes de nacer.

Era un can vello que levara moitos paus e mordía ou, alomenos, rosmaba, sempre que podía. Mexaba nas botellas de cervexa con gasosa que preparaban as mulleres das casas cuxas medas de centeo ou de trigo estabamos mallando, cando a encargada da bebida se despistaba un chisco. Ata que unha moza o pillou ouriñando dentro dun garrafón. Recachou a saia para amosarlle as coxas e o Bieito animose tanto que tiveron que romper a *damajuana* para liberarlle o carallo teso do anel de vidro que o apreixaba de máis. O asunto serviu de brincadeira na aldea durante moitos anos e o propio Bieito lembrábao con fachenda como proba do frouxos que eramos os mozos da nosa xeración en comparanza con eles.

Moito lle gustaba, tamén, botarnos os monllos de centeo coas puntas cara á nosa faciana cando estabamos despistados. Nunha desas xeiras notei moita calor nunha perna. O Bieito ría todo rufo porque mexara por min cunha mociña diante nosa. Empurreino ao chan e quedei ollando para el. Non fixo falta que intervisen os veciños. Xa non tivo azos de erguerse para enfrontarse comigo... Aos meus pais chegoulle o conto do que fixera eu, mais non a razón e berráronme moito. Días despois, souberon do conto a eito polo noso veciño, o señor Antonio *pués*, que era o tío da rapaza e non vira con malos ollos que eu reaxira como o homiño que xa quería ser.

Tardei máis de vinte anos en albiscar as razóns de tanta xenreira acumulada polo Bieito. Precisei ir estonando a miña nai, ao señor Antonio e á señora Xuliana, que era a dona del, en incontables conversas na carballeira da aldea. Foi, xa nos anos da miña mocidade cando volveu á aldea o Delfín, que era o fillo vinculeiro do señor Román de Cabo de Vila. Seica trunfara nos negocios na Coruña. Acompañábase, ademais, dunha dona ben máis nova ca el e moi faladora que axiña engaiolou ás veciñas da aldea.

O fillo do señor Román plantou centos de nogueiras e carballos nas leiras que herdou dos seus pais e arranxou, do seu peto, a carballeira da aldea en lembranza do petrucio. Ao cabo duns meses, as árbores apareceron tronzadas ou arrincadas e a fonte da carballeira estragada. E non lle serviu de nada arranxala nin replantar aqueles agros no outono seguinte. O Delfín do señor Román finou aos poucos anos, vítima dun cancro fulminante, sen entender quen lle fixera aquela maldade nin que razóns terían. Nunca soubo que o seu pai fora un dos moitos que, seica, *se aproveitaban* da Baudilia e da Raimunda cando as chamaban para traballar a xornal.

Os pais de Raimunda tamén foran caseteiros. Vivían das esmolas e dunhas ovellas que mantiñan no monte comunal. Tiveron cinco fillos. O máis vello deles casou cedo e marchou de caseiro nos anos corenta. Emigrou para Alemaña nos cincuenta e retornou con diñeiro abondo para mercar un piso na cidade de Ourense e

algunhas terras na aldea natal. Agora atravesa paseniñamente o inverno da súa vida nunha casa comunal da terceira idade. As súas irmás casaron con labregos pobres e marcharon para a casa deles, onde foron man de obra submisa baixo a autoridade das respectivas sogras.

A Raimunda forzouna o Cataviños cando ela aínda era menor de idade. Aquel canteiro brutallán e viúvo tivo que indemnizala con cincuenta pesos para criar a nena que naceu. Eran moitos cartos nos anos corenta e os pais de Raimunda empregáronos en arranxar a casa. A ela mandárona ao xornal e tivo outros seis fillos máis con diferentes homes da contorna. Acostumouse a *deixarse facer* polo homes que a chamaban para traballar. Ata lle sorprendía, seica, que o meu avó Felisindo ou o meu tío Aurelio non quixesen *fuchicar* con ela cando a acompañaban, nas noitiñas de inverno, para que atravesase sen medo a carballeira da aldea.

Os tres fillos homes que tivo a Raimunda marcharon para Alemaña nos anos sesenta e as tres rapazas foron de criadas. A primeira delas serviu nunha casa de Varneses ata que foi moza. Entón veu para atender á señora Virxinia, unha veciña abastada e solteirona en Cabo de Vila. Casou co Bieito da Baudilia e quedaron de caseiros na casa da ama. Ela foi a madriña da súa voda e dos bautizos dos fillos que tiveron. A xenerosidade da señora Virxinia compensou, en parte, os netos por todas as inxustizas que padeceran as súas avoas. Mercoulles cadanseu coche cando acadaron a mocidade e preocupouse sempre de que eles fosen como os demais.

[1] http://www.elcorreogallego.es/opinion/ecg/juan-l-blanco-valdes-mulleres-feitas-mesmas/idEdicion-2014-11-29/idNoticia-903217/)

RELATO

Normalidade

Hoxe é un deses días en que o corpo parece unha casca, apenas unha estrutura allea que habito. Un deses días en que case teño que dar unha orde consciente para cada latexo e cada inspiración. Saio da delegación, de arranxar contas con Facenda. Xa sabes o dito: un día de traballo, un día de papelorio. E outra vez foi traballar para o inglés, porque volveron gañar a partida. Como se puidese ser doutro xeito. Regulo o filtro da máscara para eliminar no posible o cheirume, case insoportable, a eucalipto requentado. Teño que esquecer os pensamentos ominosos, así que desprego a holopantalla, sen saber moi ben o que quero facer. Un bulleiro de uns e ceros colapsa en texto e imaxes. Son as novas que se cargan por defecto. 01000110 01100101 01101001 01101010 01101111 01101111... Feijoo revalida por décima vez su mayoría absoluta en Galicia. La Benemérita Guardia Civil a punto de esclarecer el asesinato del cura de Villanueva de los Infantes. La crisis... Estou pensando se abrir a rede social oficial e deixarme alienar ou arriscarme a navegar na rede escura. Espera. Hai un reflexo brillante na beira do meu campo visual. Unha parella da Policía Militar cos seus cascos brancos de queixo axustado, coas súas iniciais maiúsculas perfectamente deliñadas, as súas correaxes, e os seus subfusís. Abro a rede oficial e anulo a restrición pública, ó tempo que poño cara de abstracción. Son unha persoa ocupada que vai dun punto a outro da cidade por un motivo xustificado e non ten que preocuparse das forzas da orde, porque pasa o tempo con contidos legais. Pai dicía que ó principio se sentira triste por nós, cativos cando chegou a pandemia, termos que quedar meses confinados entre as catro paredes dun piso. Despois, seguía contando, decatouse de que aquela etapa aínda fora feliz en comparación co que estaba por vir. A normalización do exército e da súa presenza nas rúas de cidades, vilas e aldeas, pronto deu paso a máis atribucións. A limitación de gasto imposta pola comisión europea, unida a un aumento das asignacións por axente, limitou a substitución de baixas por enfermidade nas forzas de orde pública. O que empezara como unha operación de márketing do exército en sectores orixinalmente civís, como a extinción de incendios, a asistencia sanitaria ou o traballo estatístico asociado, pasou logo a outros ramos e de aí a ocupar o nicho que parecía corresponderlles de xeito natural. Nas rúas das cidades volvéronse ver os cascos brancos da policía militar, esta vez con atribucións de policía civil e na práctica carta branca. No cruce por onde tiña pensado desviarme, incorpórase un viandante que, el si, está distraído con contidos non permitidos. Decátase tarde da presenza dos militares e non pode evitar que estes se fixen nos seus movementos nerviosos para cambiar a medios seguros. Un dálle o alto con ordes secas mentres o outro apunta o canón da arma na súa dirección accionando a un tempo o seguro. O home queda paralizado mentres se lle achegan e estende o brazo cando llo ordena o que fala. Curva os beizos nun sorriso claramente forzado. O PM desprega o escáner portátil e procede a pasalo sobre a tatuaxe do pulso do viandante. Este mantén o sorriso, pero incluso na distancia vexo como se lle van tensando os músculos da cara. O aparello ceiba un asubío agudo e longo e o home non espera máis. Dispárase a correr cara ó cruzamento que acababa de deixar atrás. Non chega. Tronan as metralletas e el cae. Esfórzome en non mirar a escena mentres sigo camiñando rúa abaixo, tentando manter o paso como faría unha persoa de orde abstraída coas novas do parte ou o último vídeo de Pili Pampín. Cando me cruzo cunha parella que sobe, el está dicindo: —Algo faría.

Tento manter o movemento fluído, mais non podo evitar pechar os dentes con forza.

Henrique Álvarez

Feijoo,

RELATO

O MERGULLADOR

É un día asollado, cálido e apracible. Báñome no mar. Todo está alagado por un brillo reconfortante.

Vou penetrando aos poucos até que chega un momento no que perdo de vista a costa, xa non vexo máis que ceo e auga. Atópome moi tranquilo e gozo enormemente destes momentos. Estírome de costas mentres a mestura de calor e humidade me aletarga docemente os sentidos.

Decido mergullarme.

Lentamente mergúllome sen esforzo ningún. Abro os ollos. Noto como a forza da luz vai decrecendo ao tempo que vou indo cara ao fondo do mar. Sigo baixando; até que a escuridade é completa.

Pero entón, de súpeto, todo cambia. Atópome confuso e canso, atrapado nun espazo escuro, teño medo, sinto que pode pasar algo terríbel...

Espertei asustado.

Eloy Herbella

XV XORNADAS DE INFORMACIÓN SOCIOSANITARIA DE OUTES

Coordinador: Dr. **Xosé Mª Dios Diz**, médico especialista de AP de Outes. A Coruña.

29/10/2020: Juan Jesús Gestal Otero: profesor emérito de Medicina Preventiva e Saúde Pública. "Coronavirus: presente e futuro".

26/11/2020: Francisco Blanco García: especialista de Reumatoloxía do CHUAC. "Reumatismo e Calidade de Vida".

17/12/2020: Santiago Tomé Martinez de Rituerto: experto da Unidade de Hepatoloxía e Transplante Hepático do CHUS. "Enfermidades Hepáticas máis frecuentes".

28/01/2021: Celia López Carballido: médica da ONG Médicxs do Mundo. "É a Sanidade Pública: Universal?".

25/02/2021: José Berdullas Barreiro: psicólogo na Unidade de Saúde Mental de Vilagarcía. "A Psicoloxía en Atención Primaria".

25/03/2021: Antonio Montoto Marqués: médico adxunto da Unidade de Lesionadxs Medulares do CHUAC. "Lesionadxs Medulares: temos solucións?".

29/04/2021: Fátima Nercellas Colmeiro: médica do Servizo de Urxencias do CHUS. "Urxencias Sanitarias: cando acudir?".

27/05/2021: Hugo Vázquez Veiga: xefe de servizo de Dermatoloxía do CHUS. "Cancro de pel e outras lesións dérmicas importantes".

A memoria histórica española e a cultura popular na COVID-19

Alba Calo Blanco

Parece cedo aínda para falar da fin do coronavirus. Está claro que todos nos temos que acostumar a convivir con el e que o seu efecto vai para longo na nosa sociedade. Afecta a homes e mulleres, a mozos e maiores, a ricos e a pobres; non entende de distincións. Provocou en todo o mundo unha crise sanitaria e o comezo dunha nova crise económica, pero como chegará a COVID-19 ao coñecemento das próximas xeracións?

Todos estudamos a Peste negra, a Varíola, a Gripe Española, a Gran Depresión ou a Crise do 29 na escola. Todos estes acontecementos aparecían nos nosos libros de Historia e foron explicados ano tras ano polos nosos profesores. Algunhas pandemias e crises económicas forman parte da memoria histórica mundial e outras da memoria histórica dun país, dependendo de a que nivel afectaran. Se analizamos o concepto de memoria histórica en España podemos darnos conta de que, canto menos o pasado máis recente non foi encarado, procesado ou superado, senón máis ben esquecido. Non hai máis que ver o panorama político actual, unha España dividida, ou o silencio e o medo dalgúns dos nosos maiores cando lles preguntamos polas atrocidades cometidas durante a época da posguerra. Vese en feitos concretos coma a exhumación de Franco, levada a cabo hai tan só un ano. Unha gran parte da nosa sociedade mira a outro lado, esconde cousas e evita outras tantas. Nunha situación coma esta só queda o rexistrado nos libros de texto e o reflectido na cultura popular.

Nova versión para 2020 da coñecida canción de 1988 do Dúo Dinámico

Podería dicirse que a cultura popular, como o seu nome indica, é a cultura do pobo. A miúdo vemos como as clases dominantes buscan manipular este tipo de cultura para sementar as ideoloxías do seu interese. Debemos ter en conta que se trata dun fenómeno que ten moito de xeracional. Eu podo ler o poema "Nanas de la cebolla" de Miguel Hernández ou escoitar a versión de Serrat e pensar nunha peza triste escrita no cárcere durante a Guerra Civil. Sen embargo, para xente da xeración do meu avó ou bisavó era todo un himno revolucionario. É por isto que a cultura popular reflicte de xeito fiel o sucedido nunha época concreta e ten tanta importancia dentro da memoria histórica dun país.

Polo tanto, vendo o futuro con positivismo, cando esteamos preparados para enfrontarnos á COVID-19 e lle gañemos a batalla, estes feitos pasarán a formar parte da nosa historia e, co paso do tempo, chegarán aos ollos, mans e oídos de próximas xeracións. De que xeito? A través dos libros de texto e coas explicacións dos profesores na escola poderán saber as datas, os números, os sucesos que tiveron lugar –como comezou, que o provocou, cal foi o seu verdadeiro impacto, como acabou, cal foi a solución, etc.–. Pero como nos sentimos as persoas, que sensacións tivemos ao estar encerrados nas nosas casas durante 3 meses co mundo parado, como foi a nova normalidade, atoparnos con xente que non viamos dende meses e non poder abrazalas ou bicalas, etc. só pasará á memoria colectiva e social mediante a cultura. Veremos libros, cadros, películas e series sobre esta situación que estamos a vivir unha vez quede atrás e sexamos realmente conscientes de todo o que supuxo para a sociedade. Xa estamos a ver isto, e vímolo durante a corentena nos ámbitos artísticos con maior rapidez de produción, como poden ser as pezas musicais –ben novas versións de cancións xa coñecidas coma "Resistiré", ás cales se lle adxudica un significado completamente novo para esta xeración, ben cancións como "Varrer a casa", completamente novas e que reflicten do xeito máis leal posible o que estamos a vivir– e os poemas.

O coronavirus deixará unha pegada moi forte na nosa sociedade. Estudarase en escolas, institutos e universidades, e as xeracións vindeiras serán conscientes do que sucedeu e, máis importante, entenderán o que aconteceu a través deste tipo de canles, a través da produción de cultura do pobo que viviu estes momentos, de maneira que sobrevivan ao tempo e perduren na memoria histórica do noso país e do mundo enteiro.

Maruxa e Manuel

Manel Monteagudo

Maruxa e Manuel eran dous irmáns, que vivían na pequena aldea de Cuns, pertencente á parroquia de Cando, no concello de Outes. Eran dous cativos que non había trasnada que eles non fixeran, adoitaban ir xuntos a canto sitio se lles ocorrera; os seus veciños sempre tiveron a crenza que eran xemelgos, non máis lonxe da realidade, posto que Maruxa lle levaba ao seu irmán dezaoito meses. Pertencían a unha familia moi pobre, que se compoñía dos seus pais e tres irmáns máis, dúas rapaciñas, maiores ca eles, e dun cativo enfermizo e moi cativiño. Este choraba a miúdo por todo e por nada; deste xeito, á nai non se lle facía moi doada a súa crianza, asemade das carencias alimenticias que sufría a familia. Volvendo á historia dos "xemelgos", non había horta que tivese froitos na veciñanza e na aldea contigua que eles non "visitasen". Despois de que eles se fartaban, a froita que collían íana metendo na "fanchoca"; isto consistía en meter o xersei por dentro dos pantalóns ou da faldra e deste xeito quedáballes unha especie de saca, e esa froita levábana para a casa, para que comesen os seus irmáns amais seus pais; debemos salientar que cando isto ocorría, que era moi a miúdo, súa nai lles rifaba ou lles daba unha tunda, asemade que dicía "pobres somos, pero honrados tamén", pero aos cativos iso non lles facía rexeitar as visitas ás hortas.

Velaquí que había unha veciña que tiña un carácter moi xardesco, acostumaba rifar con todos os veciños, se non era por unha cousa era por outra. Na súa horta, moi preto da súa casa, tiña unha maceira cunhas mazás vermellas e grandes, que estaban dicindo: Cómeme! Cómeme! Entón un día ao anoitecer, Maruxa propúxolle a Manuel ir coller as devanditas mazás. O peor disto era que moi pretiño da maceira a dona tiña atado ao pé do hórreo un can moi furioso que semellaba que tivese a rabia. Porén os pillabáns decidiron facelo, para iso foron gateando dende un curruncho da finca ata ao pé da maceira, como non lle alcanzaban Maruxa subiuse nos ombros de Manuel e colleu todas as mazás que podía acadar, só deixou as que se atopaban nas pólas máis altas. O can ladrou un chisco de tempo, mentres que o fixo eles estiveron quedos, axiña que deixou de facelo seguiron coa súa angueira. Endoutro día a veciña en cuestión, montou tanto, e tanto, en cólera, que os sapos e cóbregas que botaba pola boca escoitábanse a máis de dous quilómetros, non escatimou apelativo ningún, só lle faltou recorrer aos anxos do averno para que viñeran na súa axuda. No entanto non descubriu quen lle levara as mazás.

Noutro día Manuel, ese día ía só, viu nun herbal (que pertencía a unha veciña da aldea contigua coa súa) unha ameixeira chea de fatóns que lle fixeron a boca auga da boa pinta que tiñan. Velaí que non o pensou dúas veces, decidiu ir a por eles, pero atopouse cun problema, que o herbal estaba circundando por un valado de arame de dous metros de alto. Entón dispúxose a subir polo arame pero cando estaba a piques de facelo decatouse que estaba apañando herba a dona. Iso non o fixo rexeitar do seu cometido, cun cacho de tella escarvou por baixo do arame ata que fixo un buraco dabondo suficiente para que o seu corpo puidese pasar, así deste xeito foi como entrou, e como a herba estaba moi alta, foi gateando ata a ameixeira e pouco a pouco foi collendo os fatóns mirando de esguello á dona da finca. Así que tivo a "fanchoca" chea, dispúxose a saír do mesmo xeito que entrara, pero non se decatou que agora non podía facelo, xa que a froita que levaba impedíalle entrar polo buraco, entón con moita resignación, descargou toda a froita pero xa botándoa ao outro lado do arame. Após de facelo saíu sen problema ningún, recolleu do chan os fatóns meténdoos de novo na "fanchoca", a dona non se decatara de nada, pero el, para alardear do que fixera, non quixo irse dalí sen que a muller non soubese o que acababa de facer, para iso chamou a atención da devandita facéndoo polo seu nome:

—Señora Peregrina! Señora Peregrina!

—Quen me chama? preguntou a señora.

—Aquí! Aquí! Mire o que lle acabo de coller asemade que lle ensinaba un fatón.Ha, ha, ha, e nin conta se deu.

—Xa hai que ser xarelo, aínda por riba burlándote, xa llo direi aos teus pais, nunca pensei que foses tan desvergoñado, co bo rapaz que pensei que eras, qué enganada me tiñas.

Xaora que llelo dixo aos seus pais, máis ben a súa nai, a cal lle deu unha tunda nas nádegas cunha zapatilla. Pero o condenado do rapaz acostumaba dicir: "quen por unha tunda non fai o que quere".

Outra das cousas que acostumaban facer xuntos os dous irmáns era ir na procura de niños de paxaros, gustáballes ver as crías; moitas veces adoitaban agatuñar polos piñeiros para ver os de corvo. Nunha ocasión atoparon un de peto que estaba nun carballo, algo vello. Manuel agatuñou por el e ao chegar ao furaco do niño meteu a man, nese mesmo instante notou como algo lle mordía no seu dedo furabolos, co susto sacou a man tan rapidamente que caeu do carballo ao chan, non chegou a magoarse pero no seu dedo traía pendurada unha cóbrega. Matárona entre os dous e volveron para a casa, endoutro día Manuel tiña o dedo tan inchado e dunha cor vermella, que abofé se asustou, non fose ser que a cóbrega tivese veleno, el algo coñecía destes bechos e estaba convencido que a que lle mordera non era velenosa, e, se estaba enganado, entón tería que dicirllo a súa nai. El sabía moi ben o que iso implicaba, que dunha tunda non o salvaba nin o Espírito Santo. Pero xa non fixo falla que dixese nada, axiña se decatou súa nai do inflamado que tiña aquel dedo o seu fillo, polo que lle preguntou que lle ocorrera. El por un intre dubidou en dicirlle a verdade, pero, como o medo garda a viña, contoullo. Entón súa nai foi na procura dun pouco de ruda e ao volver con ela meteuna nunha pota con auga e púxoa ao lume ata que fervese a auga, así que o fixo, díxolle a Manuel que metese o dedo na auga quente, cantas veces o fixera mellor. Así o fixo o cativo. Súa nai non lle tocou nin un pelo, pero o que si fixo foi explicarlle que se a cóbrega que lle mordera fose velenosa tería neses intres a man e o brazo o mesmo que tiña o dedo, que grazas a Deus non era o caso; tamén lle dixo que ao día seguinte a inflamación xa tería que ter baixado, cousa esta que así ocorreu.

Maruxa e Manuel seguiron facendo as súas trasnadas, ata que Manuel se tivo que pór a traballar, e aí as súas vidas cambiaron. Na actualidade ámbolos dous están casados, tiveron fillos, e xa son avós.

Añón, secretario dun lord inglés (V)

Ramón Blanco

Deixabamos no último episodio os viaxeiros no seu periplo, británico cabaleiro na compaña do axudante, cal Lord Byron e Robert Rushton ou aqueles personaxes de Jules Verne (Phileas Fogg e Jean Passepartout). As nosas entregas exceden o xa previsto, e ímonos asemellando a un folletín (non polo interese do aquí escrito, senón pola súa extensión), deses que fixeron feliz a prensa decimonónica: a finais de 1872 publicábase por ese método (previo ao formato libro, xa en xaneiro de 1873) *A volta ao mundo en oitenta días*. Por aquel tempo o noso Añón traballaba de arquiveiro en Madrid, no Ministerio de Gracia y Justicia, baixo o mando (e a protección) de Montero Ríos, gran cacique galego na vida política española. E xa que falamos de prensa e de política quizabes deberiamos consignar algo do que contan os periódicos da pandemia, xa na súa segunda vaga, intensamente grave, por máis que a maquillen coas cifras tantos políticos e xornalistas (son estes xornalistas por gañaren o xornal do amo, non por daren conta do que acontece cada xornada); destes procederes cosméticos sabe ben Boris Johnson, o do cabelo dourado, quen aúna na mesma persoa, deus e heroe, o político que é e o xornalista que foi e igual non deixa de ser. Mais tamén mortal, ao seu pesar, agora xa caído da burra, cal Paulo de Tarso redivivo, non dubida en endurecer coa entrada do outono as medidas restritivas que reforcen os muros da patria súa. Xa poucos dirixentes ignoran que non se salva a economía sen saúde (Donald Trump é o último demagogo en experimentar a anagnórise da enfermidade; serán *fake news* as da súa rápida recuperación?). Mais como xa falaramos de saúde, ocuparémonos agora dunha actividade económica, da industria téxtil na Inglaterra da época de Añón; e irase vendo o sentido disto.



Inglaterra, aplicando os principios capitalistas, foi pasando da manufactura á industria mecánica desde mediados do s. XVIII. A "Revolución industrial" (Blanqui, 1837 e Engels, 1845) é froito das innovacións da era maquinista, que se van ir aplicando ás actividades manufactureiras, á minaría e, sobre todo, á industria téxtil (nomeadamente algodoneira, especialidade dos tecidos ingleses). Novos inventos e enxeños, como a fiadora mecánica de Crompton (1779), o tear mecánico de Cartwright (1784)... viñan ser complementos ben acaídos á omnipresente máquina de vapor de Watt (1769). Andando o tempo, sucédese o perfeccionamento destas máquinas. Así, por exemplo, en 1825 aparece o tear "self-acting", de R. Roberts, que non só fiaba, estiraba e torcía os fíos, senón que até os ensartaba; deste xeito a industria téxtil de Gran Bretaña abaratou os custos de produción e fíxose máis competitiva. A mediados do s. XIX as teas de algodón inglesas varreran os tecedores artesáns do país, así como arruinaran o téxtil artesanal da India, como lembra Karl Marx n'*O Capital*. E non levaron por diante a industria téxtil catalá porque foi protexida con fortes aranceis polo goberno de España. O monopolio do algodón catalán, máis caro e de peor calidade ca o inglés, como anotou Stendhal en 1839 no seu *Diario dun turista*, converteu o resto de España nun mercado preso da produción mediterránea (e supuxo, á súa vez, a ruína da noutrora puxante industria popular do liño galego).

Neste sector algodoneiro británico destacaron as rexións de Lancashire e Manchester. Aínda quedan en pé os edificios dalgúns antigos muíños de algodón, onde se producían fíos ou tecidos a partir desta materia prima. En 1833 destacaba, polo seu tamaño e por ter 1.545 obreiros, o de McConnel & Company, en Ancoats, Manchester (na imaxe pode verse como era arredor de 1820).

Atopamos na rede avisos da prensa inglesa de mediados do s. XIX con referencias a sociedades de fiandeiros de algodón que se disolven. En *The Spectator,* en xuño de 1846, "G. and W. Lord, Shawforth, Lancashire"; no *London Standard Newspaper*, en setembro de 1857, "W. Lord, T. Lupton and H. Lord, Shawforth, near Rochdale"; no *London Express Newspaper*, en novembro de 1862, "C. Todd and A. Lord, Shawforth, Lancashire"... Isto dános conta dun sector dinámico, na roda capitalista, pois, se ben son empresas que se disgregan, formaranse novas sociedades. Seguro que a lectora atenta reparou na onomástica, nese apelido e nese topónimo que se repiten. Así chegamos nós aos "cotton spinners" e aos "cotton mills", cacheando por Lord Shawford (ou Shawfordt; para as variantes gráficas véxase o artigo precedente). Vaiamos por partes.

En efecto, Shawforth é unha pequena zona do distrito de Rossendale, no condado de Lancashire. Nun texto de 1905 (*Kelly's Directory of Lancashire)* atopámola referida, con alusións á estación ferroviaria homónima (operativa entre o 1 de decembro de 1881 e o 16 de xuño de 1947) e mais á industria téxtil e mineira: "several cotton mills and a colliery".

E co apelido Lord atopamos a un James Lord, nado en Lancashire o 14 de xuño de 1808, fillo de Edmund Lord e de Betty Radcliffe. James Lord mandou construír unha casa (a "Oak House") en Shawforth. Foi empresario da industria algodoneira, e mesmo obtivo, en 1860, unha patente coa que melloraba o traballo na maquinaria de fiar algodón.

Localizamos tamén unha familia Lord en casamentos e enterros do s. XVIII na igrexa parroquial de Saint Chad, na cidade de Rochdale, no Gran Manchester (non moi lonxe, polo tanto, de Lancashire, condado ao que pertencía no pasado). Rochdale foi unha das maiores produtoras de fío de algodón durante o s. XIX. Numerosos muíños testemuñan a súa importancia na fabricación téxtil.

Esta liña podería conducirnos a un suposto malentendido: que o tal lord Shawford(t) fose en realidade un rico empresario, da familia dos Lord, de Shawforth. O perfil dun capitalista inglés en Lisboa acáelle ben a un home de negocios, que podería precisar dos servizos dun secretario políglota. Ademais, un británico con diñeiro, se era aventureiro e romántico cal os seus compatriotas aristócratas decimonónicos (Byron, o ficticio Fogg...), podía sentirse atraído por novas empresas industriais noutros lugares de Europa, do mesmo xeito que sentiría atracción polas aventuras coloniais. Evidentemente, son conxecturas, como nada sabemos con certeza, seguiremos coas nosa indagacións na vindeira entrega. Non a perdan.